



Concello de Vigo
Expte. 4473/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE XUÑO DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de maio de 2024.

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional sobre a proposta de Lei ELA. Expte. Pleno 4483/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do Plan anual de control financeiro do concello de Vigo correspondente ao exercicio 2024. Expte. 102992/140 (Expte. Pleno 4434/1101).

URBANISMO

- 4.** Cambio de uso da parcela destinada a equipamento público sita na Praza do Berbés (Ribeira do Berbés, 35). Expte. 20285/411 (Expte. Pleno 4484/1101).
- 5.** Aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior do SU UA3 Montana, Alcabre. Expte. 15903/411 (Expte. Pleno 4485/1101).

Mocións:

- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos sobre dispoñibilidade de vivenda pública protexida en Vigo e a súa área de influencia e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4475/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Alvaro



Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4476/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia o seu compromiso real coas Areas de Vigo cun aumento proporcional da subvención paupérrima a que opta a nosa cidade, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4477/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a modificar a actual planificación do verán, que conleva o peche de camas nos hospitais públicos de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4478/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan con mecanismo e instrumentos concretos que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas e nas cirurxías na área sanitaria de Vigo. Expte. Pleno 4479/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

11. Moción do grupo municipal do BNG urxindo medidas para dotar suficientemente ao Servizo de Bombeiros e garantir a Seguridade da cidade. Expte. Pleno 4474/1101.
12. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a adoptar as medidas necesarias para que tódolos días se cumpra co número de 20 efectivos recoñecido nos servizos mínimos e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4480/1101.

Resolucións.

13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 24.05.24, de aceptación da renuncia de D^a Ana Laura Iglesias González á dedicación parcial de 26 horas, pasando a percibir indemnización por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. Pleno 4444/1101.
14. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 25.05.24, na que se declara loito oficial de dous días polo falecemento dun empregado municipal en acto de servizo. Expte. 1309/1102 (Expte. Pleno 4486/1101).
15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/ 24, incluídas no expediente 1698/1102 (Expte. Pleno 4481/1101)
16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/24, incluídas no expediente 1699/1102 (Expte. Pleno 4482/1101).

17. Formulación de rogos.

18. Formulación de preguntas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 2 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
(*asistencia Telemática*)
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Ilmo. Sr. Alcalde
Silva Rego, M^a Carmen, 1^a Tenente de Alcalde

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día vinte e catro de xuño do ano dous mil vinte e catro (24/06/24), coa Presidencia do 2º Tenente de Alcalde, D. Javier Pardo Espiñeira, pola ausencia do Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(95). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE MAIO DE 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 3 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbase a seguinte acta:

- Sesión núm. 10/2024 ordinaria, celebrada o 27/05/24

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(96). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A PROPOSTA DE LEI ELA. EXPTE. PLENO 4483/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xuño, número 4483/1101, Declaración Institucional asinada polos voceiros dos grupos políticos municipais sobre a proposta de Lei ELA, procedendo a ler o texto a concelleira, Sra. Aguiar Castro, que di o que segue:

“O pasado 12 de marzo, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de todas as forzas políticas representadas no arco parlamentario estatal, admitir a trámite a proposición da Lei ELA. Dita aprobación supón que os lexítimos representantes da soberanía nacional da que emanan os poderes do noso Estado, tal e como recolle o artigo 1.2 da Constitución Española (en adiante CE), asumen como propia a necesidade de que os afectados por esta cruel doenza, os seus familiares e cuidadores, sexan amparados, en igualdade de trato co resto de enfermos de calquera patoloxía, coa cobertura sociosanitaria que precisan para poder vivir coa dignidade que merecemos nun Estado que, xa na súa norma fundamental, recolle a obriga dos poderes públicos de garantir un sistema de atención ás persoas con discapacidade (art. 49 da CE);ou na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, cando regula as condicións básicas de promoción de dita autonomía e atención mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas; ou na Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública que, dentro dos seus principios xerais, especifica que as administracións públicas, estarán suxeitas ao principio de equidade, de tal xeito que as políticas, plans e programas que teñan impacto na saúde da poboación promoverán a diminución das desigualdades sociais en saúde, prestando atención específica ás necesidades das persoas con discapacidade.

O 12 de marzo foi, sen ningunha dúbida, un día para o recoñecemento e gratitude polo traballo realizado dende hai tanto tempo polas asociación de afectados e entidades colaboradoras que, coñecedoras de primeira man da dura realidade desta enfermidade, non teñen deixado de loitar arreo para garantir algo tan básico como a vida, dereito sen o cal, o noso estado social, o noso estado de dereito e o noso estado do benestar vense abaixo sen remedio. Como galegos, é un orgullo para todos nós que a asociación AGAELA (Asociación Galega de Afectados pola Esclerose Lateral Amiotrófica, declarada de utilidade pública pola Xunta de Galicia no ano 2023), fora unha das que encabezou esta loita e que estivese representada na xornada de presentación da proposta de lei, levada a cabo no Congreso dos Deputados este pasado 20 de febreiro.

O 12 de marzo tamén foi un día para a renovación da esperanza dos afectados directa ou indirectamente por unha patoloxía neurodexenerativa, sen cura e sen tratamento hospitalario, que fai recaer toda a carga do coidado do enfermo na súa rede persoal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 4 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de apoio (familia, amigos, cuidadores) sen esquecer que a nosa actual configuración social e demográfica, fai que moitos deles carezan incluso dese recurso básico imprescindible para a súa vida.

Dende esa data, dúas proposicións máis foron aprobadas de xeito unánime polo Congreso dos Deputados. Aínda que ditas aprobacións reflicten en si mesmas a concienciación da clase política coa situación dos afectados pola ELA, non poden supoñer unha loita entre as distintas forzas que presentaron cadansúa proposta. Ao contrario, dita concienciación debe implicar que se traballe coordinando esforzos e recollendo de cada proposta o máis axeitado para a defensa dos máis que entendibles intereses do colectivo ao que se dirixirá a norma final.

Desgraciadamente, un enfermo de ELA non só precisa dunha estrutura forte e comprometida de apoio humano, que ten que deixar todo atrás para a atención 24 horas que precisa o afectado, senón que a carga económica que implica a dependencia enerxética, a tipoloxía e duración dos cuidados necesarios, os produtos de apoio básicos para a vida diaria, a reforma e adaptación dos fogares para facer fronte a unha realidade tan inesperada como devastadora e inevitable, fan imposible afrontar os custos mínimos non xa para manter unha vida de calidade, senón, simple e desgraciadamente, a vida mesma.

Precisamente por todo o exposto ata o de agora, a xusta reivindicación social non pode volver ser anulada por trámites burocráticos, por deixamento legislativo ou por establecemento doutras prioridades. Todos os mortos dende a paralización e posterior decaemento da anterior proposición de lei, presentada en novembro de 2021 e aprobada tamén por unanimidade en marzo de 2022, interpélanos de xeito directo. As administracións deben dar resposta de xeito inmediato aos que xa non están con nós e a todos os que día a día incrementan a cruenta lista de novos diagnosticados, persoas que non teñen nin color, nin ideoloxía política.

O sistema legislativo español é claro respecto ás competencias sanitarias, e as diversas leis que identifican ditas competencias e as atribúen ben ó Estado Español, ben ás Comunidades Autónomas, non deixan dúbida da importancia que ese eido competencial ten no día a día da nosa veciñanza.

É certo que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non reconece competencias sanitarias aos concellos, como este de [concello] que me honro en presidir, pero esta corporación entende que os municipios, como as entidades públicas máis achegadas á realidade cotiá da súa poboación, non podemos, non debemos, e non queremos darlle as costas a aqueles que máis precisan do noso compromiso público para superar o seu día a día.

Con esta visión como punto de referencia, este Concello quere empregar a súa voz oficial, que sempre debería ser a súa voz máis humana, para facer chegar unha petición alta e clara ás Cortes Xerais españolas: recae en vostedes un mandato que debe ser entendido coma un privilexio e ser exercido coa eficacia e eficiencia que debe rexer o funcionamento xeral das administracións públicas. O seu privilexio, outorgado por todos os cidadáns españois, é legislar para salvar vidas. Non existe norma, sexa do contido que sexa, que poida ser considerada prioritaria fronte a aquelas que, como esta proposición de lei, buscan unicamente evitar a morte innecesaria e inxusta dos enfermos, o esgotamento dos recursos propios e familiares na súa atención, e a desesperación dos afectados que se senten culpables dos estragos que a súa doenza causa naqueles que están a dar a vida por eles día tras día. Existe algunha causa máis nobre que encabezar a loita contra esta inxustiza? Existe algunha consideración legal,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 5 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedemental ou administrativa que non só non apoie esta causa, senón que a sustente e a impulse como condición básica para que o exercicio da política cobre o seu máis verdadeiro, puro e inestimable significado?

Por todo isto elévanse ao Pleno, para o seu debate e aprobación, os seguintes

ACORDOS:

1. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao poder lexislativo estatal para que proceda a tramitación de xeito preferente, urxente e prioritario dunha proposición de lei que recolla as mellores achegas de cada unha das normas aprobadas unanimemente e non esqueza que a garantía dos coidados 24/7 deben constituír a base fundamental da futura lei.
2. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Deputación Provincial da Pontevedra e á Xunta de Galicia para que, dentro do ámbito das súas competencias sociosanitarias, teñan en conta as necesidades do colectivo de doentes e familiares, á hora de deseñar, implementar e aplicar políticas que poidan incidir na mellora da calidade de vida dos afectados.
3. O Concello comprométese a continuar prestando apoio público á reivindicación legal contida nesta declaración institucional, ata o momento en que a norma sexa publicada e entre en vigor.
4. O Concello comprométese, como forma de colaboración directa desta administración local cos afectados pola ELA, a poñer a súa disposición o asesoramento técnico dos Servizos Sociais municipais á hora de tramitar todas aquelas axudas e/ou prestacións establecidas para a mellora da calidade de vida dos enfermos e as súas familias, sexan de ámbito municipal, autonómico, estatal ou europeo.
5. O Concello comprométese, dentro das posibilidades técnicas, orzamentarias e loxísticas municipais, a colaborar coa asociación AGAELA, naquelas accións que esta asociación leve a cabo para dar visibilidade e concienciar sobre a realidade desta patoloxía.

O Pleno do Concello de Vigo, mediante a aprobación desta declaración institucional, invita a todos os municipios galegos a que se unan a esta necesaria reivindicación e amosen publicamente o seu apoio ao colectivo de afectados pola ELA. Os enfermos, as súas familias, as súas asociacións e entidades colaboradoras teñen feito un exercicio exemplar de dignidade, de superación e de valoración da vida: é a hora de que os poderes públicos nos poñamos á súa altura."

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(97). DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024. EXPTE. 102992/140 (EXPTE. PLENO 4434/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 6 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do interventor municipal, de data 21 de maio de 2024, que di o que segue,

ABREVIATURAS

CFP	Control financeiro permanente
ICAC	Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas
IGAE	Intervención Xeral da Administración do Estado
IXM	Intervención xeral municipal
LRSAL	Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local
LXS	Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
PACF	Plan Anual do Control Financeiro
RDCI	Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
RTGX	Remanente de tesouraría para gastos xerais,

I. INTRODUCCIÓN

O control interno é un concepto que se estende á totalidade da xestión económico-financeira do Concello de Vigo e demais entidades integrantes do sector público local, e a cualificación de interno responde a que é un control exercido pola Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo (IXM), que se contrapón ao control externo, que é exercido por órganos independentes daquela, como son o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Cuentas do Estado, dependentes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, respectivamente.

A función de control interno realizarase na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia. A función exercerase con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión se fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública. Ambas modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro (en adiante PACF) que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio. Incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

É preciso indicar neste momento que en distintas ocasións púxose de manifesto a necesidade de dotar de medios persoais e materiais á Intervención Xeral para poder implantar as actuacións esenciais para a realización destes procedementos do control financeiro permanente coa debida dilixencia. Pois ben, coa finalidade de encomendar as funcións do control financeiro ao posto de Viceintervención adxunta, noméase o 10 de abril do corrente exercicio á persoa designada.



Copia do documento - Concello de Vigo
4530-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:12 Páxina 7 de 55
CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As actuacións previstas neste plan realizaranse pola Intervención xeral municipal a través dos traballos desenvolvidos pola Viceintervención adxunta, coa coordinación, dirección e supervisión do Interventor xeral. Como é previsible a dotación de medios condiciona o alcance e intensidade do control interno ¹, polo que se realizarán todas actuacións que sexa posible priorizando aquelas que a criterio do Interventor xeral estime mais relevantes. Dado, que polas circunstancias antes descritas (medios dispoñibles e tempo restante do actual exercicio) fíxase como obxectivo realizar os traballos impostos pola normativa así como aqueles que quedaron pendentes de execución no ultimo PACF aprobado. Por parte desta intervención emitirase un informe sobre o grado de execución do presente plan unha vez finalizado o exercicio 2024.

II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Como xa se mencionou, o control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

II.1. O CONTROL PERMANENTE.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, como as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente PACF, seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

II.2. A AUDITORÍA PÚBLICA.

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE). A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

II.2.1 A auditoría de contas,

Ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

1 - así se recolle na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Cuentas ao establecer no seu artigo 40.1 (Título IV, Responsabilidade contable) que a insuficiencia de medios persoais e materiais dispoñibles delimitan responsabilidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 8 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Os organismos autónomos locais.
- As entidades públicas empresariais locais.
- As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril.
- As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigación de auditarse que se incluíron no plan anual de auditorías.

II.2.1 A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa,

Nas entidades sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financiera desenvólense de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financiera e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O control interno da xestión económica financeira das entidades locais atópase regulado fundamentalmente nos artigos 130, 133 e 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; nos artigos 44 ao 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; así como pola propia normativa do Concello de Vigo, fundamentalmente as Bases de Execución do Orzamento.

Finalmente, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en Adiante RDCI), cuxa aprobación veu cumprir co mandato legal imposto por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local, de desenvolvemento regulamentario dos artigos 213 a 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de xullo de 2018, segundo establece a súa Disposición Final Segunda, para regular sobre os procedementos de control e metodoloxía de aplicación, co fin de, entre outros obxectivos, lograr un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora das Entidades Locais.

O artigo 29.4 do citado RDCI, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 9 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- A Resolución de 30 de xullo de 2015, da IGAE, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- A Resolución de 1 de setembro de 1998, da IGAE, pola que se ordena a publicación da Resolución que aproba as Normas de Auditoría do Sector Público.
- A Resolución de 15 de outubro de 2013, do ICAC, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).
- A Resolución de 18 de febreiro de 2014, da IGAE, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- A Resolución de 15 de outubro de 2013, do ICAC, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).
- A Resolución do 18 de febreiro de 2014, da IGAE, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- Outras Circulares, Resolucións, Instrucións ou Notas Técnicas aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO

IV.1 ÁMBITO SUBXECTIVO. DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO E A SÚA APLICACIÓN AO SECTOR PÚBLICO LOCAL

O control será exercido polos órganos de intervención sobre a totalidade de entidades que conforman o sector público local: a Entidade Local e os organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, fondos carentes de personalidade xurídica, consorcios e outras entidades, todos eles dependentes ou adscritos ás Entidades Locais.

Atendendo ao contido no RDCI, o control interno aplícase nas súas diferentes modalidades segundo a natureza dos entes locais do que se trate. No Concello de Vigo, conforman o sector público local aos efectos da realización do control financeiro, o propio Concello de Vigo como entidade local principal e as seguintes entidades dependentes relacionadas no seguinte cadro que recolle esquematicamente tal aplicación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 10 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ámbito subjectivo (tipo de entidade)	Modalidade de control interno					
	Función Interventora	Control Financeiro				
		Control Permanente (auditoría)	Conta 413 ²	Auditoría Pública		
				De contas	Cumprimento	Operativa
Concello de Vigo (entidade local principal)	Obrigatoria	Obrigatorio	Obrigatoria	Non	Non	Non
Xerencia Municipal de Urbanismo (Organismo autónomo local)	Obrigatoria	Obrigatorio	Non	Obrigatoria	Non	Non
Marco (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo Convention Bureau (Fundación)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Laxeiro (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Vigo en Deporte (Fundación, entidade dependente por control efectivo)	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)

A pesar de que, como dixemos, o RDCI establece a obrigatoriedade de realizar auditoría de contas nos organismos autónomos locais, a función contable sobre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo exercea o propio órgano interventor do Concello, que á vez está obrigado a realizar a auditoría de contas.

Neste caso poderíase dar o suposto de autocontrol, que de acordo coa norma técnica 4.2.2 das Normas de Auditoría do Sector Público, impediría, pola perda total de imparcialidade que isto supón, realizar esta auditoría de contas polo órgano interventor. Tamén o Tribunal de Cuentas no seu informe do 29 de outubro de 2009 fixa o criterio da imposibilidade legal que se audite a quen está a exercer a función contable. Por este motivo, entendemos que non procede realizar unha auditoría de contas na XMU, cando o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade.

Por outra parte, ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local "Concello de Vigo" ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, sen prexuízo de que a auditoría pode ser tamén un requisito fixado estatutariamente ou realizarse voluntariamente se así o requiren os seus patróns ou membros da fundación.

Como temos visto, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a audirse pola súa normativa específica -no noso caso, ningunha-, así como a daquelas fundacións non sometidas á obrigación de audirse que se incluíron en anteriores plans anuais de auditorías, nos que se tiveron en conta a conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, e de evitar repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco.

No PACF do ano 2020 incluíronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no PACF do ano 2021 as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, de xeito que no transcurso de tres exercicios

2 A disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, baixo a rúbrica "Control de entidades de Administraciones Públicas no sujetas a auditoría", establece que: "En las entidades de las Administraciones Públicas no sujetas a auditoría de cuentas se efectuarán anualmente los trabajos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar la existencia de obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos para los que no se ha producido su imputación presupuestaria".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 11 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI considerouse non necesaria a realización de ningunha auditoría no ano 2022.

Por cuestións alleas a esta IXM e fundamentalmente pola falta de recursos persoais e materiais o pasado exercicio 2023 non se aprobou o PACF, o que fai preciso que no calendario de auditorías se emende esta situación, prevendo incluír a auditoría de dos exercicios consecutivos para chegar a estabilizar dito desfase no exercicio 2026

Calendario de auditorias 2024-2026 (previsión)

Auditoría de Contas Anuais, de Cumprimento e Operativa			
Entidade	Exercicio auditado	PACF 24	PACF 26
		2023-2024	2024-2025
Fundación Marco		•	
Fundación Vigo Convention Bureau			•
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		•	
Fundación Laxeiro		•	
Fundación Vigo en Deporte			•

IV.2 MEDIOS DISPOÑIBLES

De acordo co RDCI, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz. Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración. Para iso, deberase proceder a licitar o contrato, mediante o procedemento correspondente e coa antelación suficiente que permita o cumprimento do plan establecido.

Neste sentido, se ben foron atendidos parte dos requirimentos feitos por esta Intervención Xeral en relación ao aumento da dispoñibilidade de recursos humanos coa creación e adxudicación do posto de Viceintervención adxunta para o desenvolvemento das preceptivas e necesarias funcións de control financeiro (aínda que sen ter creada unha diferenciación organizativa dentro da Intervención xeral), seguen a ser escasos os recursos dispoñibles mesmo para o exercicio da tradicional función interventora, normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditas polo órgano interventor. Con todo, resulta necesario a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal habida conta do carácter permanente das funcións a desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Por este motivo e por atoparnos case a mediados do ano, o exercicio do control financeiro a realizar durante o exercicio 2024 limitarase ás actuacións que se indican no presente Plan.

V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 12 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.1 ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE NON PLANIFICADO DERIVADAS DUNHA OBRIGA LEGAL.

Podemos citar as seguintes actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal, agrupadas por Área de control, e que non planifícanse ao realizarse ao longo de todo o exercicio:

Área de estabilidade orzamentaria e endebedamento (TRLRFL; LOEOSF; Orde HAP/2105/2012; RD 1463/2007).

- Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e do límite de débeda das liñas fundamentais do orzamento.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda do proxecto dos orzamentos.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e límite de débeda na liquidación dos orzamentos do conxunto das entidades que integran o sector público local e foran clasificadas como AA.PP. pola IGAE.
- Actualización trimestral do informe de intervención sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade e límite de débeda; así como unha avaliación do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.
- Informe trimestral sobre a execución do plan de axuste.
- Verificación anual do cumprimento dos plans económico-financeiros.
- Verificación do cumprimento do plan económico-financeiro no exercicio anterior e orzamento vixente como requisito previo para a autorización de operacións de endebedamento.
- A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.
- Informe sobre as operacións de crédito a longo prazo dos organismos autónomos e sociedades mercantís.
- Avaliación do cumprimento do principio de prudencia financeira na concertación das operacións de endebedamento.

Área de morosidade e facturación electrónica.

- Información mensual relativa ao Período Medio de Pago.
- Seguimento do cumprimento do período medio de pago a provedores e formular, de ser o caso, a oportuna comunicación de alerta.
- Informe anual no que avaliarase o cumprimento da normativa en materia de morosidade.
- Auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento.

Área de orzamentos, contabilidade e control.

- O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.
- A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.
- Informe da prórroga do orzamento.
- Informe sobre as medidas a adoptar cando na liquidación do orzamento o remanente de tesourería sexa negativo.
- Informe sobre as normas da expedición de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica dos investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit do exercicio precedente, e informe ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados.
- Informe previo á revogación do acordo de redución de gastos do novo orzamento, adoptado en caso de liquidación do orzamento anterior con remanente de tesourería negativo.
- Informe resumo anual dirixido a a Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local.
- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente de a Entidade Local contrarios aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 13 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ▢ Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- ▢ Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro.

Área de competencias e servizos (Lei 7/1985 LRBRL modificada pola Lei 27/2013 LRSAL).

- ▢ Informe aos convenios de delegación formalizados antes e despois de entrada en vigor da LRSAL (31 de decembro de 2013).
- ▢ Informe para o exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas.
- ▢ Ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.
- ▢ Informe do interventor no que valorará a sostibilidade financeira das propostas para xestionar os servizos públicos de competencia local mediante a forma de Entidade pública empresarial local ou Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.
- ▢ Informe relativo ao cumprimento dos principios previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no caso de creación de entes de ámbito territorial inferior ao Municipio, carentes de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados.
- ▢ Informe de avaliación da eficiencia económica e a sostibilidade financeira nos supostos de constitución de consorcios.
- ▢ Informe sobre as iniciativas populares, cando estas afecten a dereitos e obrigacións de contido económico do concello.
- ▢ Informe de Intervención sobre o exercicio de actividades económicas.
- ▢ Informe previo á aprobación do plan de corrección do desequilibrio financeiro das entidades vinculadas ás entidades locais que desenvolvan actividades económicas.
- ▢ Informe previo á autorización para destinar o patrimonio municipal do chan para reducir a débeda comercial e financeira.
- ▢ Informe de Intervención na determinación nas bases de execución dos criterios dereitos de difícil ou imposible recadación.
- ▢ Comunicación ao Ministerio de Facenda do detalle necesario para o mantemento Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

Outras actuacións previstas na normativa vixente (RBEL, LXS, RD-Lei 17/2014).

- ▢ A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.
- ▢ Informe sobre a inexistencia de débedas pendentes de liquidación na cesión gratuíta de bens.
- ▢ Informe ás bases reguladoras de concesión de subvencións.
- ▢ Envío de información á Base Nacional de subvencións.
- ▢ Remisión dos convenios subscritos entre as CCAA e EELL.

V.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE DERIVADAS DUNHA OBRIGA NORMATIVA.

O PACF incluirá tamén as actuacións que derivadas dunha obriga normativa deben realizarse de xeito anual entre as que se atopan:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 14 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.2.1. Avaliación do cumprimento da **normativa en materia de morosidade** (art. 12.2 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público)

V.2.2. Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento **Auditoría da Conta 413** (Disposición adicional terceira da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).

V.2.3. As actuación de control financeiro sobre subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais (artigo 3.5 do RDCI e título III da Lei 38/2003 de xeral de subvencións). Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar este control, así como tendo en consideración o resultado das comprobacións resultantes obxecto de anteriores PACF, considerase procedente facer o control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou **auditoría das subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva** tanto do Concello de Vigo como da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Este control financeiro exercerase respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras e terá por obxecto verificar:

- A adecuada e correcta obtención da subvención por parte da persoa beneficiaria.
- O cumprimento por parte das beneficiarias e entidades colaboradoras das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

Tendo en conta as subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva polo Concello de Vigo e Xerencia Municipal de Urbanismo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos gastos desta natureza, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe das subvencións concedidas seleccionadas conforme aos seguintes criterios:

- Do xestor de expedientes obterase unha relación dos expedientes tramitados baixo o procedemento Subvención en réxime de concorrencia competitiva aprobados no exercicio no 2023 e pagados, e sobre esa poboación e en consideración das concedidas por áreas, determinarase unha mostra representativa, correspondendo posteriormente ao órgano interventor o deseño e definición das probas de cumprimento na fase de planificación.

Para a obtención da relación dos expedientes da XMU solicitarase relación deste tipo de expedientes que foran aprobados e pagados tamén no exercicio 2023. Cos criterios indicados polo Órgano interventor extraerase unha mostra representativa.

- O control financeiro realizarse sobre unha mostra que permita obter una evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente para fundamentar as conclusións formuladas, a que será determinada polo órgano interventor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 15 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.2.4. **Ingresos.** Tendo en consideración que o Pleno do Concello de Vigo acordou nas Bases de Execución dos Orzamentos a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da tesourería do Concello de Vigo polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro. No último PACF aprobado incluíronse dentro desta área, o control financeiro posterior das liquidacións aprobadas por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo, se ben dita actuación por falta de recursos materiais e persoais non chegou a rematarse parece preciso a inclusión no plan de este exercicio. Co obxecto de ampliar a realización das probas relacionadas coa liquidación e cobros do ingresos orzamentarios relativos ás **concesións administrativas** fíxase nesta área un ámbito temporal de dous exercicios contables completos e pechados. Neste caso do 2022 e 2023. De xeito que a actuación seleccionada é o **“Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas nos exercicios 2022 e 2023 , cobradas ou pendente de cobro por concesións administrativas outorgadas por Concello de Vigo”**

V.3. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICADO SOBRE A BASE DE ANALISE DE RISCOS.

O Plan Anual de Control Financeiro incluírá tamén aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles (artigo 31.2 RDCI).

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

A estes efectos incorpórase ao expediente o oportuno análise de riscos como documento ANEXO I. Logo desta análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, procede seleccionar a seguinte actuación:

V.3.1. Control financeiro e de eficacia dos **Contratos menores.**

Ao non estar suxeitos a fiscalización previa, este control incluírá todos os contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023

VI. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA

Ata que se continúe a crear e dotar cos medios necesarios e suficientes o Servizo ou Oficina de Control Financeiro da Intervención Xeral Municipal, a Entidade Local deberá contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ademais da normativa aplicable aos sector público ás instrucións ditas polo órgano interventor.

As firmas de auditorías serán contratadas por un prazo máximo de dous anos, prorrogable nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público, non podendo superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo aos devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 16 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Agora ben, tendo en conta os prazos requiridos para a tramitación dun expediente de contratación de servizos a través dun procedemento aberto, estímase difícil a adxudicación e realización dos servizos dentro do actual exercicio, polo que para a realización destas actuacións previstas neste plan, se acudirá á tramitación dun contrato menor para a execución das actividades, avanzándose paralelamente coa preparación dun expedientes de contratación de servizos mediante procedemento aberto para os vindeiros exercicios.

VII. PERIODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O cronograma das actuacións a realizar, conforme a este PACF é:

Actuacións	2024						
	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec
V.2.1 Cumprimento da normativa en materia de morosidade	p	c					i
V.2.2 Conta 413	p	c					i
V.2.3 Subvencións en concorrencia competitiva (C.Vigo, XMU)	p				p	c	i
V.2.4 Concesións administrativas 2022 e 2023		p	c	i			
V.3.1 Contratos menores				p	c	i	

p preparación
c comprobación
i elaboración informe de resultados

VIII. RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO

De acordo con artigo 35 do RDCI, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporán de xeito claro, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización na seguintes actuacións de control.

IX. MODIFICACIÓN DO PLAN

O PACF poderá ser modificado, por esta IXM como consecuencia de:

- a realización de controis en virtude de solicitude ou mandato legal
- Variacións na estrutura das entidades obxecto de control
- insuficiencia de medios
- Outras razóns debidamente ponderadas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 17 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Evolución dos factores de risco nas diversas áreas que fagan preciso activar actuacións de control continuo
- Evitar duplicidades cos traballos de control realizados por outros órganos e institucións públicas.

X. DESTINATARIOS DOS INFORMES

O presente PACF así como as súas posibles modificacións, e os informes definitivos de control financeiro, que resulten das actuacións realizadas serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como a través deste último ao Pleno da corporación para o seu coñecemento. (Art 31.1, 31.4 e 36.1 do RDCI). A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á IGAE, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 17 de xuño de 2024, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de Control Financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2024.

4.(98). CAMBIO DE USO DA PARCELA DESTINADA A EQUIPAMENTO PÚBLICO SITA NA PRAZA DO BERBÉS (RIBEIRA DO BERBÉS, 35). EXPTE. 20285/411 (EXPTE. PLENO 4484/1101).

ANTECEDENTES: O 22 de maio do 2024 a técnica de administración xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do xerente de Urbanismo e da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe proposta,

«A) Información urbanística vixente

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG nº87, do 10/05/1993; BOP nº133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG núm. 106, do 03.06.2008; BOP núm. 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATL do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG núm.144, do 24.07.2009; BOP núm. 175, do 10.09.2009); Segundo o PXOU-93 vixente, ao presente procedemento resúltalle de aplicación o disposto no "Plan Especial de Protección







Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 18 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

e Reforma Interior PEPRI Casco Vello”, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007.

A parcela obxecto de cambio de uso, dunha superficie de 390,41 m², cualifícase no PEPRI Casco Vello como Equipamento Público D.- Deportivo, instalacións para a práctica de deportes en recintos pechados, tanto ao aire libre como no interior, resultando de aplicación o artigo 4.2 da Normativa, Ordenanza de Equipamento, O.E. entre os usos permitidos atópanse o sociocultural e recreativo, administrativo e de oficinas, docente, sanitario-asistencial, deportivo e relixioso e non atópanse as zonas de lecer, descanso da poboación tales como prazas, paseos, parques infantís, itinerarios históricos ou lúdicos propios da Ordenanza de Espazos Libres e Zonas Verdes O.Z.V. artigo 4.3 da Normativa, como si está grafada o parte do perímetro da pista e o resto da praza do Berbés.



	- EQUIPAMENTOS	S - SANITARIO	AD - ADMINISTRATIVO
	- ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES	E - ESCOLAR	D - DEPORTIVO
	- DOTACIÓN PÚBLICA	C - COMERCIAL	SC - SOCIOCULTURAL

Escorzo e lenda do Plano de ordenación: Nº 5 Dotacións Urbanísticas do PEPRI Casco Vello

B) Actuacións administrativas realizadas

I. Con data do 23.02.2024 recibíase neste Departamento de Desenvolvemento Urbanístico, solicitude da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, ao que xunta informe e memoria, aos efectos do cambio de uso da parcela sita na Praza do Berbés, para o seu destino a incrementar as zonas verdes e os espazos verdes públicos, co seguinte contido:

(...) I.- En data 29 de setembro do 2021, mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, autorizouse o contrato menor de servizos (expte. 49211/446), para a Redacción do proxecto de parque infantil na Alameda do Berbés, a favor da Arquitecta dona Estefanía Vázquez Martínez (36155072S).

II.- Con data 10 de xuño a Rede de Cidades Saudables, coa la FEMP publica as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓN DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

III.- En data 8 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a participación do Concello de Vigo na convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornos saudables no marco do PRTR (expte. 49972/446), coa **aprobación da actuación denominada RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**, en base ao proxecto redactado pola Arquitecta, Dona Estefanía Vázquez Martínez, Colexiado polo COAG, no 5135, e a memoria Técnica asinada polo Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o Xefe da Área de Investimentos, no que determina a totalidade do proxecto a presentar, incluíndo o programa de comunicación e a previsión de gastos de asistencia técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 19 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- Con data 14 de outubro de 2022, a proposta do órgano instrutor, o Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias, procede a asinar a resolución provisional pola que se resolve a concesión de subvencións no marco da "CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA". Na citada resolución concédese ao Concello de Vigo a axuda, por importe de 120.000,00 €, para a actuación denominada RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS.

V.- Con data 28 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de aceptación das axudas concedidas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de contornos saudables no marco do PRTR (expte. 49972-446), incluíndo a reformulación económica do proxecto RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS, de acordo co proxecto inicial redactado pola Arquitecta, D^a. Estefanía Vázquez Martínez, Colexiado polo COAG, no 5135.

VI.- En data 3 de abril de 2023, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo envía á Concellería de Fomento informe asinado pola Xefa da Área de desenvolvemento urbanístico no que fai saber, entre outras cuestións, que o Proxecto RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS sería viable urbanisticamente sempre e cando o novo PXOM, en tramitación actualmente, cualifique a parcela onde se acomete o proxecto como sistema xeral de espazos libres. Por outra banda, e mentres non exista a aprobación definitiva do novo PXOM, a viabilidade urbanística do proxecto en cuestión está supeditada ao cambio de uso da parcela sita no "PEPRI I-11 Casco Vello", dando cumprimento ao artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia. O cambio de uso sería efectivo tralo acordo plenario por unanimidade, tal como se recolle no artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia.

2. Solicitude

Polo exposto no punto 1 do presente informe, a Concellería da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, como promotora do proxecto RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS, solicita á Xerencia Municipal de Urbanismo que de inicio ao expediente de cambio de uso da parcela afectada polas obras recollidas no proxecto.(...).

II. Á Vista do instado, con data do 27.02.2024 a arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento urbanístico da XMU, emite informe técnico favorable á presente actuación de cambio de uso, no que axuíza polo miúdo a compatibilidade do cambio de uso pretendido co PXOU/1993 vixente, a clasificación e cualificación urbanística da parcela, a aplicación da Lei do Solo de Galicia, o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42 da LSG, a lexislación sectorial de aplicación e a compatibilidade coa revisión do PXOM en tramitación, (trámite 12 do expediente electrónico de razón).

III. Con data do 01.03.2024 a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda ditou Resolución, pola que se dispuxo a incoación do presente procedemento; Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 05.03.2024, no exercicio debido das labores de control estatutariamente conferidas (artigo 10.3 dos seus Estatutos).

IV. En cumprimento do disposto, solicitouse das diferentes Áreas de Goberno Municipais, a emisión do/s informe/s que estimaran convenientes na materia que resultan afectados.

Así as cousas, e superado amplamente o prazo conferido polo artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 do outubro, para a emisión dos correspondentes informes, constan emitidos logo do seu pedimento, e se incorporan ao presente expediente, os seguintes informes municipais:

- Informe emitido en data 25.05.2020 asinado conxuntamente polo Xefe da Área de Benestar Social, polo Asesor xurídico adxunto a dita área, co conforme da Concelleira delegada de política de benestar social.

- informe emitido en data 27.05.2020 polo xefe do servizo de comercio, co conforme do concelleiro de parques e xardíns, comercio, distritos e Festas especiais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 20 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola súa banda, mediante senllos oficios da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, de datas 06.03.2024 e 10.04.2024, outorgouse trámite de audiencia a Autoridade Portuaria de Vigo, ao estar afectada a parcela na que se opera o presente cambio de uso,- nunha pequena porción-, pola liña do deslinde marítimo terrestre e do sistema xeral portuario.

En cumprimento do trámite de audiencia conferido, con data do 20.05.2024 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, un oficio do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, no que informa que non existe inconveniente por parte desta Autoridade Portuaria, toda vez que na proposta de delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP), actualmente en tramitación, está prevista a desafectación de dito terreo por considerar que ten perdido a súa funcionalidade para a actividade portuaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- PXOU/1993. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.
- PEPRI I-11 Casco Vello, aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo do 12.04.2007
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II. Xustificación do cambio de uso

O artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), na súa redacción conferida pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece que "(..) O Concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementas as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Aos efectos do disposto en este número, se entenderá que teñen tamén a condición de equipos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade Pública, aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición.

O acordo que se adopte publicárase no DOG e no BOP (seguindo o "iter procedimental" dos acordos plenarios de modificación de uso tramitados neste servizo), e será remitido á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, na forma regulamentariamente prevista, para o seu coñecemento e efectos, e a súa correspondente inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 21 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, Sentenza do 03.03.2015, expresa que o feito de que o artigo 47.4 da Lei 9/2002* (* que se expresa en similares termos que o artigo 42.5 da LSG) permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan. En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación da LSG, remitirase un exemplar dilixenciado do acordado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En similares termos, se expresan senllas sentenzas do TSX de Galicia, da Sala do Contencioso-administrativo, sección 2ª, entre outras, de datas 25.03.2010 e 08.01.2015, ao confirmar que o referido precepto da nese intre en vigor LOUG está regulando un procedemento especial (aprobación polo pleno, por maioría absoluta) de cambios de usos dotacionais que exige tramitar modificacións puntuais de plan.

III. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo (artigo 42.5 da LSG e artigo 65.7 do seu Regulamento) por maioría absoluta legal dos seus membros, por proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU (AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBR e 47 e ss. ROP).

Xa que logo, visto o que antecede e de conformidade co informe técnico que obra no expediente, de data 27.02.2024, que se incorpora ao texto do presente e lle serven de motivación, ao abeiro do previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

ACORDO...

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estimen máis conveniente.»

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O secretario xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 23 de maio d 2024, emite nota de conformidade conforme ao art. 3.4 e 3.3.c. do RD 128/2018, de 16 de marzo.

DITAME. Con data 28 de maio de 2024, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓ: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señoras, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 22 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.: Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e en similares termos co previsto no artigo 65.7 do seu Regulamento (Real decreto 143/2016, do 22 de setembro), e con base aos feitos e a fundamentación xurídica exposta, a modificación do uso da parcela municipal sita na Praza do Berbés, -pista deportiva e a súa contorna- dunha superficie de 390,41 m², de Equipamento público D.-Deportivo, a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos.

SEGUNDO.: Dispor a publicación do presente acordo no "Diario oficial de Galicia", ao abeiro do disposto nos arts. 82.2 da Lei do Solo de Galicia e 199.2 do seu Regulamento.

TERCEIRO.: Remitir o presente acordo, xunto cunha copia do expediente electrónico, debidamente foliado, autenticado e dilixenciado (artigo 26 da LPACAP en relación co art. 70 do dito corpo legal) á Dirección Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, consonte co previsto nos artigos 88 da LSG e 209.2 b) do RLSG. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo do presente acordo, farase constar dita remisión.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais, con competencias na materia que resulten afectados.

QUINTO.- Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

5.(99). APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO SU UA3 MONTANA, ALCABRE. EXPTE. 15903/411 (EXPTE. PLENO 4485/1101).

ANTECEDENTES: O 29 de maio do 2024 a técnica de administración xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do xerente de Urbanismo e da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe proposta,

«Examinado o presente expediente promovido pola iniciativa particular da entidade "Arqura Homes, Fondos de Activos Bancarios", e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 25.09.2023,- Doc. Núm 230300435 e COD.SOL.: W973870-504-, aos efectos de proceder á aprobación definitiva do "Plan Especial de Reforma Interior do SU UA3 MONTANA, ALCABRE" e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital para a aprobación definitiva do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte Informe xurídico con proposta de acordo,

I. Información urbanística vixente

A) Planeamento xeral municipal

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de "Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU- 88 a Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia" aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG núm. 87 do 10.05.1993 e a súa normativa no BOP núm.133 do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 23 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No citado e vixente PXOU-1993, delimitase a área nomeada «U.A.3 MONTANA, sita na parroquia de Alcabre, como unha unidade de actuación de solo urbano delimitada no núcleo rural existente tradicional de Carregal, sito no ámbito exterior ao núcleo central da cidade, remitindo a súa ordenación detallada a un estudo de detalle o a un Plan especial de reforma interior, e prevendo o seu desenvolvemento posterior, a través da iniciativa privada, a xestionar polo sistema de compensación.

B) Plan de Ordenación do Litoral

As determinacións establecidas polo Plan de Ordenación do Litoral (POL), resultan directamente aplicables ao presente ámbito, incluído no núcleo de identidade do litoral “Alcabre”, dentro da unidade de paisaxe “Vigo” tipo de unidade de Paisaxe “B1_Vertentes de pendente moderada” dentro do municipio de Vigo, no sector Ría de Vigo, sendo de aplicación os principios xerais enunciados no artigo 42 da Normativa do POL. O ámbito de Montana, atópase incluído dentro do grado 1 dos supostos de compatibilidade establecidos no POL, onde as determinacións son plenamente compatibles coa presente actuación.

II. Actuacións administrativas realizadas

A) Procedemento ambiental

Con data do 26.07.2018, a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución, pola que se dispuxo solicitar o inicio ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, do procedemento da Avaliación ambiental simplificada do “Plan Especial de Reforma Interior da UA3 Montana”, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ao que se achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.

En cumprimento do instado por esta administración, con data 15.11.2018 a referida Dirección Xeral formula o informe ambiental estratéxico relativo ao PERI, e remitido a esta Xerencia Municipal de Urbanismo o día 5.12.2018, así como unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o DAE e o borrador da proposta, e que corresponden ao Instituto de Estudos do Territorio, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á Dirección Xeral de Mobilidade e á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Neste informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determina que o PERI non ten efectos significativos no medio, polo tanto, o plan especial poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza (art. 75.3.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, LSG) e art. 18.3.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 “Plan Especial de Reforma Interior da UA3 Montana”, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ao que se achega o documento ambiental estratéxico (en diante, DAE) e o borrador da proposta, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, RLSG).

Dita Resolución da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, inseriuse mediante anuncio do 16.11.2018, no DOGA do 21.12.2018 polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do do PERI da unidade de actuación UA-3 Montana(Código2127/2018).

B) Da aprobación inicial

Con data do 13.04.2022 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte ACORDO: PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao «Plan Especial de Reforma Interior UA 3.MONTANA», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido por “ARQURA HOMES, fondos de activos bancarios”, con CIF V8835928, (trala subrogación e cambio de titularidade efectuada no presente expediente con data do 21.01.2020) que inclúe a documentación técnica inserida polo técnico redactor D. Simón Pereiro Lopez-Quecuty, no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915) e o 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085) consistente en Borrador e DAE- achegada en soporte dixital, documentación toda ela asinada dixitalmente, con firma válida, polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e D. Simón Pereiro López-Quecuty; SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 24 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación. Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG; TERCEIRO:O presente acordo determina, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Deste xeito, e en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no "Faro de Vigo" do 29.04.2022, no Diario Oficial de Galicia núm. 104, do 01.06.2022, e na Web municipal, así como á notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos segundo relación incorporada ao expediente; Asemade, procedeuse a recadar os informes sectoriais que resultan preceptivos nesta fase do procedemento, do xeito e co resultado que se indicará no corpo da presente.

Neste senso, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia da xefa da oficina de rexistro da XMU, na que fai constar que "O Plan Especial de reforma interior da unidade de actuación UA-3 Montana, Alcabre" someteuse ao trámite de información pública, mediante anuncio no Faro de Vigo (do 29 de abril de 2022), no Diario Oficial de Galicia (número 104, do 1 de xuño de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no Boletín Oficial do Estado (número 128, do 30 de maio de 2022)".

Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
11/07/2022	220173451	Avelino Álvarez Comesaña María del Carmen Álvarez Comesaña
29/07/2022	220189090	María Guadalupe Iglesias del Campo, representante dos herdeiros de Joaquina Comesaña Alonso e Argentina González Comesaña

En base a mesma, con data do 05.08.2022 a Secretaria da Admon. Municipal por encomenda do Secretario da XMU subscribe certificación de exposición pública, do seguinte teor literal,"(..) "Plan Especial de reforma interior da unidade de actuación UA-3 Montana, Alcabre", aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo, do 29 de abril de 2022), no Diario Oficial de Galicia (número 104, do 1 de xuño de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no Boletín Oficial do Estado (número 128, do 30 de maio de 2022), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 3 de agosto de 2022, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

Data rexistro entrada	Doc.	Interesado
11/07/2022	220173451	Avelino Álvarez Comesaña María del Carmen Álvarez Comesaña
29/07/2022	220189090	María Guadalupe Iglesias del Campo, representante dos herdeiros de Joaquina Comesaña Alonso e Argentina González Comesaña

C) Informes sectoriais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 25 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Durante a tramitación do correspondente procedemento, de carácter regrado, e segundo a vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, e en cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, foron recadados os informes sectoriais que deseguido se relacionan, nesta fase do procedemento, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión:

- Informes sectoriais da Administración do Estado:

- Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Doc. Núm. 220130896) Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, Informe de data 14.06.2022 (Doc. Núm. 230156872) de carácter enunciativo.
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Informe de data 19.07.2022 (Doc. Núm. 220126685), sobre a posible afección do servizo de sinalización marítima, de carácter favorable.
- Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación dixital, Secretaria do Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas dixitais, (Doc. Núm. 220159996) informe de data 20.06.2022, de conformidade co previsto no artigo 35.2 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, de carácter favorable, en relación coa adecuación do Plan Especial, á normativa sectorial de telecomunicacións.
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Dirección xeral de Aviación Civil, informe de data 27.01.2023, (Doc. Núm. 230034343) no que conclúe informar favorablemente o PERI Montana, no termo municipal de Vigo, no que a servidumes aeronáuticas se refire, sempre e cando as construcións propostas ou obxectos fixos non vulneren as servidumes aeronáuticas.
- Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, Dirección Xeral da Costa e do Mar, informe de data 29.04.2024 (Doc. Núm. 240131757) previsto no artigo 117.2 da Lei de Costas, de carácter favorable.

- Informes Sectoriais da CCAA Galega:

- Informe de Augas de Galicia de data 12.10.2022 (Doc. Núm.220258876) de carácter favorable, sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas no mesmo.
- Deputación de Pontevedra, informe sectorial en materia de estradas de data 14.06.2022 (Doc. Núm. 220130359) no que conclúe que do análise do documento e da súa información gráfica determinase que o ámbito do PERI da Unidade de Actuación UA-3 Montana, Alcabre, está fora das zonas de protección das estradas e da liña límite de edificacións establecidas polo artigo 38 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

- Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, Dirección Xeral de patrimonio cultural, Informe de data 19.01.2023 (Doc. Núm. 2300018584) de carácter favorable, condicionado a que o documento que se aprobe definitivamente recolla as correccións indicadas no punto 3 do dito informe.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio, informe de data 05.12.2023 (Doc. Núm. 220315829), no que conclúe que no que atinxe ás competencias deste departamento de paisaxe, considérase que o Plan especial de Reforma Interior da unidade de actuación UA-3 Montana de Vigo, atendeu ao sinalado no anterior informe do IET, polo que non se formula ningunha obxección para a súa aprobación.

D) Alegacións achegadas no período de información pública

Tal e como se indicou no relato de feitos, no preceptivo período de información pública, constan presentados dous escritos de alegacións, segundo se recolle no certificado da secretaria da administración Local de data 04.08.2022, presentados baixo os seguintes documentos e datas: Doc. Núm. 220173451 de data 11.07.2022 e Doc. Núm. 220189090 de data 29.07.2022.

Con data do 23.06.2022 o equipo redactor presenta no rexistro electrónico desta XMU (Doc. Núm. 220229393), Informe ás alegacións achegadas, a cuxo íntegro contido nos remitimos, no que se conclúe que:

- Alegación núm. 1, de data 11 de xullo de 2022, presentada por Avelino e María del Carmen Álvarez Comesaña,

Resumo: Solicita o reaxuste da delimitación do ámbito deixando fora do mesmo a parcela 9444422NG1794S0001GZ, na súa nova configuración, e a suspensión da tramitación do PERI UA 3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 26 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Montana, durante o período de suspensión automática de licenzas dende o acordo de data 26.08.2021 de aprobación inicial da revisión do PXOU.

Resposta: O equipo redactor propón desestimar integramente o contido de dita alegación.

- Alegación núm. 2, de data 29.07.2022, presentada por María Guadalupe Iglesias del Campo

Resumo: Solicita que se axuste a delimitación do ámbito a delimitación do solo urbano consolidado establecida polo IOP

Resposta: O equipo redactor propón estimar parcialmente dita alegación, no extremo de variar a delimitación do ámbito correspondente a unidade de actuación UA 3 Montana para retirar o límite do ámbito da construción en ruína sita na parcela, nunha superficie total de 29 m²

Esta técnica xurídica que formula a presente proposta, comparte os argumentos expostos polo equipo redactor, que dan lugar a estimación parcial e desestimación íntegra, respectivamente, dos dous escritos de alegacións presentados, en base e de conformidade co seguinte:

-Alegación núm. 1; Doc. Núm. 2201734511- Se actualiza la descripción da parcela 5 y en consecuencia la 7, según acuerdo de la Gerencia Territorial del Catastro en fecha de 26 de febrero de 2021; 2- No existe unidad de uso y explotación entre las fincas 9444422NG1794S0001GZ parcela colindante con nueva descripción catastral, terreno inculto, sin uso o explotación aparente, y 9444421NG1794S0001YZ, donde se ubica la vivienda y una construcción auxiliar, parcela totalmente cerrada, sin comunicación con la colindante, la construcción auxiliar no tiene luces ni vistas sobre la parcela colindante. Realmente la parcela sin alguna unidad de uso y explotación tiene, es con el resto de las parcelas al oeste y al norte del ámbito.; 3- El PERI está ajustando y justificando la delimitación del ámbito del PGOU 93 por la línea norte de los cierres que definen el camino Montana en la actualidad, por lo que incluye el tercio sur de la parcela, según la capacidad que le otorga el artículo 65.2 de la LSG4- La parcela 9444422NG1794S0001GZ, por su configuración física, no es apta para la edificación, no está urbanizada de acuerdo con la alineación, no es solar, no puede clasificarse como suelo urbano consolidado. El ajuste del ámbito permite un tratamiento homogéneo a la totalidad de la parcela, incluyendo su porción menor y no excluyendo su porción mayor. En todo caso, el PERI en ningún caso puede modificar la clasificación del suelo que fija el PGOU. 5- De la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias que indica el alegante no se puede concluir que la medida cautelar se extienda al planeamiento de desarrollo que este en trámite, todo ello de la consideración que se pueda formular sobre su oportunidad.

En este sentido, el Ayuntamiento está tramitando en paralelo la revisión del PXOM (Exp.15313/411) y el PERI UA 3, MONTANA considerando en todo momento que sus ordenaciones son totalmente compatibles, al margen del proceso de coordinación que existirá entre ambos planeamientos.

6- La comparación entre el PERI y la revisión del PXOM a) La conexión viaria de la revisión del PXOM no difiere substancialmente - Al oeste del ámbito, la revisión del PXOM señala para Viñagrande las alienaciones del vial con trazo grueso, y la alineación está a 4 m. del eje del vial; Ajustes para respetar el lavadero y dar continuidad al vial al interior del ámbito: - Al sur, el PERI UA 3 MONTANA recoge la alineación del vial previsto en el PGOU 93 vigente; - Al este, el vial que recoge la revisión del PXOM coincide con las alineaciones existentes, y que en el PERI UA 3 MONTANA tiene continuidad en el itinerario accesible previsto.

b) No se ajusta a las determinaciones del nuevo PGOU en tramitación: El documento de Revisión del PXOM está aprobado inicialmente y hasta su aprobación definitiva puede adaptarse a los instrumentos de planeamiento de desarrollo que este Concello apruebe. c) La aprobación inicial de la revisión del PXOM determina la suspensión de la tramitación del PERI UA 3 MONTANA cuando suponga una modificación de la ordenación urbanística vigente. No se puede concluir que la medida cautelar se extienda al planeamiento de desarrollo que este en trámite, todo ello de la consideración que se pueda formular sobre su oportunidad



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 27 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Alegación núm. 2, Doc. Núm. 220189090 - 1- La delimitación del ámbito es la establecida por el PXOU 1993, planeamiento general que ejecuta. La superposición del suelo urbano consolidado del IOP se realiza para justificar la incorporación ya establecida en el borrador. 2- El IOP, es provisional, por ello, el límite que se atiende es el establecido en el citado PXOU vigente.

Con posterioridade ao prazo de información pública, en data 22.08.2022 tiña entrada no rexistro desta xerencia un escrito presentado baixo o doc 220204715, no que se propón unha conexión viaria distinta a prevista na revisión do PXOU en tramitación, sen especificar unha alternativa nin solicitude concreta; o equipo redactor estuda o contido do dito escrito, e informa que a delimitación do ámbito é a establecida no PXOU 93.

E) Documentación preceptiva de cara a aprobación definitiva

Logo de diferentes requirimentos a entidade que impulsa o presente procedemento- de emenda da documentación técnica presentada de cara a súa aprobación definitiva-, con data do 25.09.2023,- Doc. Núm 230300435 e COD.SOL.: W973870-504-, tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, impreso de solicitude formulado por "Arqura Homes, Fondos de Activos Bancarios", ao que xunta a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva (en formato editable e pdf) adaptado as normas técnicas de planeamento de Galicia, documentación elaborada por un equipo multidisciplinar conformado por , PEREIRO ARQUITECTOS SLP, - JOSE LUIS PEREIRO ALONSO. Doctor arquitecto, - SIMÓN PEREIRO LÓPEZ-QUECUTY. Arquitecto; - GALAICONTROL SL, - TRINIDAD LOPEZ RODRÍGUEZ. Ingeniera de caminos, canales y Puertos- PEDRO ARMESTO FERNÁNDEZ. Ingeniero de Minas- LUIS OTERO LEMOS. Licenciado en Geología- YOLANDA BLANCO LATAS. Licenciada en Ciencias del Mar- TOPAG SL- OSCAR MOREIRAS OJEDA. Ingeniero Forestal- NOSO Cooperativa.- DANIEL VÁZQUEZ AÑEL. Arquitecto, de data xullo de 2023.

Elevado o expediente, a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, con data do 20.05.2024 emite informe técnico favorable ao presente trámite de aprobación definitiva, do seguinte teor literal:

"(...) Este informe emítese segundo o establecido no art. 75.1.d) da LSG (ART.186.1.d) do RLSG).

Este informe refírese á documentación achegada á XMU o 25.09.2023, asinada polo arquitecto Simón Pereiro López-Quecuty, na parte de planeamento; na parte ambiental o documento está asinado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, María Trinidad López Rodríguez e o estudo acústico asinado polo enxeñeiro de minas Pedro Armesto Fernández.

A documentación presentouse en dúas carpetas comprimidas (.zip) e os arquivos co código alfanumérico correspondente á pegada dixital (arquivos .hexhash). Tamén foi achegado o Anexo 9, contemplado nas Normas Técnicas de Planeamento de Galicia (NNTTP).

Unha das carpetas contén a documentación en .pdf e a outra a documentación nos formatos editables. A documentación en formato editable e .pdf correspóndese e ten a mesma organización en carpetas, tal e como se recolle nas NNTTP.

A documentación que se achega consta de:

00. ÍNDICE

01. MEMORIA XUSTIFICATIVA

- Memoria informativa
- Memoria xustificativa
- Ficha resumo do ámbito ordenado
- Estudo da Mobilidade
- Anexos cos informes sectoriais recibidos
- Estudo acústico

02. PLANOS DE INFORMACIÓN

- 00. Índice de Planos
- 01. Plano de información xeral, situación no planeamento vixente
- 02. Plano topográfico e seccións
- 03. Plano catastral
- 04. Edificacións, usos, infraestruturas, vexetación, regos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 28 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 05. Plano de afeccións
- 06. Plano de riscos
- 07. Ámbitos de patrimonio con valores a preservar

03. PLANOS DE ORDENACIÓN

- 00. Índice de planos
- Plano de Regulación.
- Asignación de usos pormenorizado.
- Infraestrutura viaria acotada
- Plano detalle rampla de acceso
- Plano de secciones parcelas edificables
- Infraestrutura de redes de comunicación
- Refuerzo infraestruturas viarias
- Rede de alumbrado público
- Rede eléctrica
- Rede de saneamento fecales
- Rede de gas
- Rede de rego
- Rede de telecomunicacións
- Rede de abastecemento de auga
- Rede de saneamento pluviais
- Polígonos delimitados en relación al plano catastral
- Reaxuste delimitación do ámbito
- Xustificación reaxute do ámbito
- Servidumes aeronáuticas aeroporto de Vigo

04. NORMATIVA URBANÍSTICA

05. CATÁLOGO

- Memoria
- Fichas dos elementos catalogados. Lavadero e muro.
- Normativa de protección

06. ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

- Estudo económico
- Memoria de viabilidade económica

07. ESTUDO ECONÓMICO E MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA

- Documento ambiental estratéxico
- Plano da alternativa 0
- Plano da alternativa 1
- Plano da alternativa 2
- Informe ambiental estratéxico

08. MODIFICACIÓN PXOU

- Modificación da ordenación do PXOU, Memoria xustificativa
- Plano de ordenación
- Plano de refundido
-

A modificación que se contempla consiste exclusivamente no reaxuste do ámbito. No plano "Plano de refundido" sitúase a ordenación sobre o PXOU 1993 e sobre o IOP. Pódese observar neste plano que a ordenación proxectada ten un bo encaixe en ambas ordenacións grazas precisamente ao reaxuste do ámbito do plan especial. Ten especial relevancia o necesario encaixe do vial perpendicular ao camiño de Viña Grande polo que se accede á zona oeste do ámbito, a diferenza das aliñacións entre o PXOU 1993 e o IOP fai necesario un reaxuste para dar entrada ao ámbito sen interferir ademais no Lavadoiro catalogado. Desta forma se consigue o acceso ao ámbito xerando unha pequena zona pública ao redor do lavadoiro. Tamén se realizan pequenos axustes derivados dos problemas de axuste do parcelario actual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 29 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Plano no que se reflicten os reaxustes

3 CONDICIÓN DO PLANEAMENTO. DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

O ámbito do PERI MONTANA, co reaxuste xustificado no texto do PERI, co denominado no PXOU 1993 "UA 3 MONTANA".

Segundo o PXOU 1993 o ámbito tería 19.300 m², cos reaxustes e tras o levantamento topográfico, comprobouse que o ámbito delimitado abarca 19.302,41 m².



Reproducción do plano de ordenación "Asignación de usos pormenorizados"



Segundo este PXOU vixente está dentro do núcleo existente tradicional "CARREGAL". Na ficha desta unidade de actuación se recolle que a iniciativa do planeamento é privada e o sistema de actuación é o de compensación.

Un dos obxectivos do seu desenvolvemento é obter unha zona verde.

A edificabilidade establecida no PXOU 1993 é de 0,5 m²/m². Dada a situación do ámbito e os diversos condicionantes que conflúen no ámbito, especialmente o relativo ao Plan de Ordenación do Litoral, decidiuse aplicar unha edificabilidade de 0,33 m²/m², de forma que o encaixe das edificacións resultantes da ordenación, proxectadas en pequenos grupos, se adapte mellor ás tipoloxías circundantes, á topografía e á paisaxe urbana existente.

O número máximo de vivendas é 67, as vivendas proxectadas son 43.

A reserva para espazos libres de dominio e uso público establecida na ficha é de 4.350 m², reserva que á que se dá cumprimento.

Nas observacións a ficha recolle que se creará unha entidade urbanística de conservación. As ordenanzas de referencia son as 1.3.A., 1.3.B. 1.3.E. Son ordenanzas de tipoloxía de vivenda unifamiliar, que é a que se proxecta neste PERI, a ordenanza de referencia escollida é a 1.3.E. con algunha variación.

A ordenación elixida ven condicionada pola aplicación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (no sucesivo, POL) aprobado definitivamente mediante Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, o ámbito sitúase dentro do ámbito de aplicación deste plan e ademais se atopa no núcleo de identidade do litoral Alcabre. Ao ser o PXOU 1993 un planeamento non adaptado á Lei 9/2002 de Galicia o POL é de aplicación, tal e como se establece no artigo 99 da súa normativa, este PERI, polo tanto, debe adaptarse integramente ao establecido no POL.

A ordenación que se prevé neste PERI integra as zonas verdes, o equipamento e os pequenos grupos de vivendas unifamiliares adosadas, adaptando a súa configuración á topografía existente e á paisaxe urbana nos núcleos adxacentes. A zona verde e o equipamento público sitúanse na fronte da Avda Atlántida, enfronte do conxunto parroquial de Alcabre e a zona verde adxacente a ésta, creando un conxunto de espazos públicos que se concentra ao redor da igrexa e próximo á asociación de veciños da Nosa Terra de Alcabre. Téntase desta forma xerar un lugar de referencia e encontro para a poboación desta zona.

As vivendas proxéctanse adosadas en grupos de 3 e 4 vivendas, quedando a meirande parte das edificacións, vistas desde a Avda Atlántida, nun segundo plano situadas tras a zona verde. O deseño en pequenos grupos de vivendas facilita o asentamento na topografía existente e a non creación de pantallas, resultando unha imaxe máis acorde coas edificacións existentes no núcleo de identidade do litoral de Alcabre. Neste aspecto intégrase na memoria xustificativa un estudo da paisaxe urbana que da soporte ao deseño elixido para as novas vivendas, o seu contorno e a forma na que se implantan no terreo.

Dado o excesivo desnivel entre a Avda Atlántida e a parte sur do ámbito, o enlace viario resólvese dende esta parte sur sen conectar coa Avda Atlántida para evitar pendentes excesivas. Proxéctase un vial en fondo de saco que terá un carácter practicamente de vial de convivencia dado que o tráfico será só o interior que dá acceso ás vivendas. O ancho dos viais é de 10,00, 11,00 e 12,00 metros, proxectándose alguna pequena banda de aparcamento para dar cumprimento á reserva mínima.

A ordenación proxectada cumpre o establecido na normativa de accesibilidade, en concreto a TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Tamén se dá cumprimento á normativa autonómica en materia de accesibilidade. Os percorridos que dan acceso ás fachadas das edificacións teñen unha pendente inferior ao 6%. As beirarrúas teñen un ancho de 2,30m o que permitirá a colocación dos elementos urbanos de forma que se deixen sempre 1,80m libres, no que atinxe á colocación destes elementos o PERI traslada o deseño do vial para a fase do proxecto de urbanización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 31 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Patrimonio cultural: No que se refire aos elementos catalogados, o PXOU 1993 ten integrado no seu catálogo un lavadouro situado na zona oeste do ámbito. Este elemento recóllese no catálogo propio do PERI, tamén se engade neste catálogo o muro de peche situado no borde da Avda Atlántida, que configura unha interesante imaxe urbana desde vial neste tramo.

CUMPRIMENTO DAS RESERVAS (artigo 69.1 do RLSG)

No que se refire á ordenación deste PERI temos:

PERI UA 3 MONTANA	Superficie en m2
Superficie delimitada	19.302,41
Superficie zonas verdes	5.163,67
Parques e xardíns:	4.233,23 m2
Áreas de xogos:	514,31 m2
Entorno fonte lavadouro:	416,13 m2
Equipamento público	718,43
Superficie do viario	3.845,31
Superficie dos usos lucrativos	9.575,00
TOTAL	19,302.41

Aproveitamento lucrativo

Vivenda libre	4,455.00
Vivenda protexida	1,920.00
Comercial	66.00

TOTAL APROVEITAMENTO **6,441.00**

Prazas de aparcamento

Residencial	86 prazas
Dominio público	20 prazas

Total prazas aparcamento **106 prazas**

Número de árbores **65 uds**

Edificabilidade: $6.441/19.302,41 = 0,33 \text{ m}^2/\text{m}^2 < 0,50 \text{ m}^2/\text{m}^2$

Zonas verdes: $18 \text{ m}^2/100 \text{ m}^2\text{e}$ e $10\% \text{ ámbito}$, $8.427 \times 18/100 = 1.516,86 \text{ m}^2$ ou $1.930,02 \text{ m}^2$. Polo que: $5.163,67 > 1.930,02$ **Cumpre**

Equipamento: $10 \text{ m}^2/100 \text{ m}^2\text{e}$: $6.441,00 \times 10/100 = 644,10 \text{ m}^2 < 718,43 \text{ m}^2$ **Cumpre**

Prazas aparcamento: $1 \text{ praza}/100\text{m}^2\text{e}$ $65 \text{ prazas} < 106$. **públicas.** $65/4 \text{ públicas} < 20 \text{ prazas públicas}$ polo que **cumpre.**

Arboredo: $1 \text{ árbore}/100 \text{ m}^2\text{e} < 65 \text{ árbores}$: **Cumpre.**

A ordenación cumpre as reservas establecidas tanto na ficha do plan xeral como as establecidas no RLSG. A documentación achegada cumpre co establecido no RLSG.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 32 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4 NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO

A documentación presentouse en dúas carpetas comprimidas (.zip) e cos arquivos co código alfanumérico correspondente á pegada dixital (arquivos .hexhash). Tamén foi achegado o Anexo 9, contemplado nas Normas Técnicas de Planeamento de Galicia (NNTTP).

Unha das carpetas contén a documentación en .pdf e a outra a documentación nos formatos editables. A documentación en formato editable e .pdf correspóndense e teñen a mesma organización en carpetas, tal e como se recolle nas NNTTP.

Tanto as carpetas como a documentación cumpre o establecido nas NNTTP. No que atinxe ao formato editable, os textos incorpóranse en formato .docx. A documentación gráfica incorpórase en formato .mxd (formato ESRI de ArcMap). Tamén contén a carpeta de fonte de datos cos arquivos ráster e vectoriais utilizados. Esta carpeta de fonte de datos, formato vectorial, contén as capas de delimitación, cualificación do solo e edificacións cos campos de atributos que se indican no Anexo 3 das NNTTP.

Desde un punto de vista técnico infórmase favorablemente esta proposta e a documentación achegada(..)". Pola súa banda, obra incorporado ao expediente informe de fiscalización asinado con data do 10.11.2021 polo interventor xeral do Concello de Vigo, (trámite 313 do expediente), no que entre outras consideracións fai constar que, a tramitación dun instrumento de planeamento non está sometida á fiscalización da Intervención municipal, por non constituír un acordo que comporte a aprobación de gastos ou recoñecemento de obrigacións de pago, nin tampouco se esixa a constancia no expediente de documentación de retención de crédito respecto dos investimentos que deba acometer a Administración actuante a resultados das determinacións do instrumento de ordenación.

Remitido novamente o expediente a Intervención xeral con data do 21.05.2024, devólvese o expediente a este servizo tramitador.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,
- Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,
- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 33 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,
- Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

O vixente PXOU-93, delimita a área nomeada UA-3 Montana, sito na parroquia de Alcabre, como unha unidade de actuación de solo urbano delimitada no núcleo rural existente tradicional de Carregal, sito no ámbito exterior ao núcleo central da cidade; Remitindo a súa ordenación detallada a un estudo de detalle ou a un Plan de reforma interior, e prevendo o seu desenvolvemento posterior, a través de iniciativa privada, a xestionar polo sistema de compensación.

Na ficha resumo da ordenación, contense a delimitación do ámbito, que abrangue unha superficie de 19.329,00 m², co obxecto de consolidar unha área residencial de alto valor, completando a trama urbana existente. Cómpre indicar, no que atinxe á superficie delimitada, que se procedeu ao seu reaxuste, resultado de modificacións xustificadas e necesarias para o desenvolvemento do ámbito, excluindo pequenas partes de parcelas edificadas existentes nos bordes, non superando o 10%, cumpríndose así o pautado no artigo 157 do RLSG.

Desta forma na documentación presentada descríbese e xustifícase os obxectivos da Modificación proposta que consiste basicamente en, consolidar unha zona residencial, seguindo os parámetros marcados polo planeamento xeral, completando a trama urbana existente, dotando ao conxunto dunha correcta accesibilidade, servizos e zonas verdes, axeitadamente integradas e relacionadas co entorno e especialmente coas zonas verdes existentes, dando continuidade e mellorando os viais do entorno, situando un espazo dotacional centrado na ordenación do conxunto.

Como resultado, a documentación presentada arroxa a ficha resume que se reflicte no informe da xefa do servizo de planeamento e xestión, emitido con data do 20.05.2024 (trámite 653 do expediente electrónico):

III. Documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación

A documentación que neste intre se somete a aprobación definitiva, presentada no rexistro electrónico da XMU con data do 25.09.2023, -Doc. Núm 230300435 e COD.SOL.: W973870-50-, inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, completando o seu corpo documental e incorporando, en esencia, as modificacións propostas como consecuencia das alegacións achegadas no período de información pública e do estudo dos informes sectoriais achegados ao expediente.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 20.05.2024 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa e procede a súa aprobación definitiva Consonte ao disposto nos artigos 84.1 da LSG e 201.1 do RLSG o presente instrumento ten a natureza de disposición de carácter xeral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 34 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV. Formulación dos Plan Especiais

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

Conclusión.- Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do presente planeamento de desenvolvemento, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a conformidade coa lexislación vixente, infórmase favorablemente polas que subscriben, a presente proposta de aprobación definitiva do «Plan especial de reforma interior UA 3 Montana», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade “Arqura Homes, Fondos de Activos Bancarios”.

Xa que logo, procede neste intre, propor ao órgano municipal competente, a súa aprobación definitiva. O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local. Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG e 86 do RLSG.

V. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, (artigos 75.4 LSG e artigo 123.1.i), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU(AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROF).

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU- Secretario Xeral do Pleno, [art. 13 Estatutos da XMU, art. 3.3.d) 7º RD 128/2018 de 16 de marzo] propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

ACORDO.../...

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.»

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O secretario xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 30 de maio de 2024, emite nota de conformidade conforme ao art. 3.4 e 3.3.c. do RD 128/2018, de 16 de marzo.

DITAME. Con data 4 de xuño de 2024, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos (22) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 35 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.: Estimar parcialmente a alegación presentada en data 29.07.2022, (Doc. Núm. 220189090) e desestimar integramente a alegación achegada en data 11.07.2022 (Doc. Núm. 220173451) en base e de conformidade co disposto no corpo do presente informe.

SEGUNDO.: Prestar aprobación definitiva ao «Plan Especial de Reforma Interior da UA3 MONTANA, ALCABRE», instrumento urbanístico de iniciativa privada promovido por “Arqura Homes, Fondos de Activos Bancarios”, redactado por un equipo multidisciplinar conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol SL, Topag SL, e Noso Cooperativa, conformado pola documentación técnica presentada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 25.09.2023,- Doc. Núm 230300435 e COD.SOL.: W973870-504-, actualizada e refundida, que substitúe e anula a anteriormente remitida.

TERCEIRO.: Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, e Cambio Climático para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento da LSG (Real Decreto 143/2016)

CUARTO.: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal/ no apartado de Planeamento de Desenvolvemento en tramitación, no Portal de Transparencia.

QUINTO.: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

SEXTO.: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SÉTIMO.: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2)s, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

*.- **Incidencia.** Sendo as 10:10 h., ausentase da sesión plenaria o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a mesma a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 36 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo auséntase tamén da sesión, a concelleira do grupo político municipal socialista, Sra. Rodríguez Calviño. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

MOCIÓNS:

6.(100). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER PÚBLICOS OS DATOS SOBRE DISPOÑIBILIDADE DE VIVENDA PÚBLICA PROTEXIDA EN VIGO E A SÚA ÁREA DE INFLUENCIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4475/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4475/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a ordenación do territorio, do litoral, o urbanismo e a vivenda.

Competencia exclusiva que a Xunta de Galicia invoca de forma reiterada na Lei 3/1988, de 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e do Solo.

A Lei de creación do IGVS, xustifica a creación deste organismo, precisamente, “na necesidade de actuación con todo rigor e coa máxima eficacia” no ámbito da vivenda por parte do Goberno galego.

No propio artigo 3 da Lei delimitase o cometido principal deste organismo, que non é outro que “a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, a fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, esencialmente para os sectores con menos capacidade económica”.

O propio Pacto pola Vivenda de Galicia 2021-2025 establece como unha das súas liñas de actuación básicas “facilitar o acceso a unha vivenda en alugueiro ás persoas especialmente vulnerables, que se atopen nunha situación de especial necesidade de vivenda”.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño da vivenda de Galicia e o Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, prevén, expresamente, a posibilidade de que a Xunta de Galicia adxudique vivendas de forma directa en situacións excepcionais de vulnerabilidade social, concretamente, o artigo 48 do Decreto, prevé a afectación directa de vivendas a persoas e colectivos determinados para satisfacer necesidades urxentes de vivenda.

É dicir, a administración autonómica prevé dous procedementos de adxudicación diferentes e paralelos: un procedemento ordinario para facilitar o acceso a unha vivenda de persoas que contan con recursos económicos escasos (e non suficientes para acceder a unha vivenda no mercado libre), con máis de 6.000 persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda e un procedemento extraordinario destinado a situacións de emerxencia social habitacional de adxudicación directa para aquelas



Copia do documento - Concello de Vigo
4530-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:12

Páxina 37 de 55

CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

persoas que carecen absolutamente dos recursos económicos para acceder a unha vivenda.

Durante a campaña electoral, Alfonso Rueda, comprometeuse a elevar o parque de vivenda protexida de Galicia ata as 20.000 vivendas para 2028, aínda que só 8.000 serían públicas. Obxectivo que queda moi lonxe das necesidades reais dos galegos e galegas en exclusión social e residencial severa.

Tampouco aclarou o Presidente da Xunta cantas vivendas protexidas dese futuro parque comprometido serán destinadas a persoas en situación de emerxencia social. Dito isto, son reiteradas as peticións que ten realizado o Concello de Vigo para que a Xunta de Galicia e, concretamente, o IGVS faciliten os datos de cantas vivendas destina en Vigo e a súa área para situacións de emerxencia social e cales son as previsións de incremento do parque de vivenda para estas situacións extraordinarias que poderían ser obxecto dunha adxudicación directa de vivenda.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, presenta diante do Pleno da Excm. Corporación Municipal, os seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicos os datos sobre dispoñibilidade de vivenda pública protexida en Vigo e a súa área de influencia e, concretamente, cantas están dispoñibles para persoas en situación de emerxencia social severa.*
- Instar á Xunta de Galicia a que indique, dentro dos obxectivos do Pacto da Vivenda de Galicia 2021-2025, cantas vivendas adxudicou durante a vixencia do Plan, polo sistema de adxudicación directa previsto na norma, ás familias en situación de emerxencia social da cidade de Vigo."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con quince votos (15) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4475/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, "*instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos sobre dispoñibilidade de vivenda pública protexida en Vigo e a súa área de influencia e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 38 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(101). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO CONSELLEIRO DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DOS APARCADOIROS DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO, PERTENCENTES AO SERGAS, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4476/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4475/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Este Pleno vén reclamando de forma unánime a gratuidade do aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro para os usuarios do devandito centro sanitario e tamén para os seus traballadores.

O goberno da Xunta, de forma reiterada, non atendeu esta petición, o que na práctica supón para os usuarios e familiares un copagamento á sanidade, nun Hospital que ano tras ano pagamos todos os galegos a unha Concesionaria.

Mentres a Concesionaria vai cambiando de mans e incrementando os seus beneficios, os usuarios soportan os 365 días do ano as tarifas do devandito aparcamento.

Como sempre é o Concello de Vigo, a única Administración que puxo ao dispor dos usuarios un aparcamento gratuíto de 400 prazas.

Como queira que nos atopamos, desde marzo, cun novo goberno da Xunta é hora de volver reiterar esta petición, sobre todo tendo en conta que o novo Conselleiro de Sanidade está a desmantelar todo o realizado polos seus predecesores. Nunha emenda á totalidade, dos 15 anos precedentes, o Conselleiro de Sanidade mostra nas súas declaracións a desconformidade co realizado ata o de agora e cambia a todos os cargos, nunha clara demostración do que viñamos denunciando, desde hai anos, sobre a nefasta xestión da Sanidade.

Outra cuestión é se este Conselleiro acertará nas medidas, porque as súas declaracións deixan moito que desexar e algunhas son unha auténtica provocación e insulto á situación na que se atopan moitos pacientes.

Por iso queremos exporlle ao novo Conselleiro se considera xusto que se teña que pagar pola utilización do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro. Esperando que tamén considere un despropósito, o realizado polo seu antecesores, é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte os seguintes

ACORDOS:

- Instar ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, do mesmo xeito que é gratuíto o aparcamento construído polo Concello.*
- Instar ao Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia a cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario ao obxecto de construír un novo aparcamento para utilización gratuíta polos traballadores e usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro.”*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 39 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

***.- Incidencia.** *Incorpórase á sesión a concelleira do grupo político municipal socialista, Sra. Rodríguez Calviño. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.*

VOTACIÓ: Con dezanove (19) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4476/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*instando ao conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Sendo as 10:45 h., incorpórase á sesión plenaria o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a mesma. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.*

8.(102). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA O SEU COMPROMISO REAL COAS AREAIS DE VIGO CUN AUMENTO PROPORCIONAL DA SUBVENCIÓN PAUPÉRRIMA A QUE OPTA A NOSA CIDADE, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4477/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4475/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Xunta de Galicia ten entre os seus principais labores, potenciar e apoiar os servizos prestados por parte dos concellos. Dentro destes obxectivos, publicouse no mes de maio, unha nova convocatoria para dotar de recursos os que presten servizos esenciais nos seus espazos naturais e tamén nas súas instalacións acuáticas. Como ben di a disposición da propia Xunta, todo isto implica para os concellos un grande esforzo, tanto en recursos humanos coma materiais e segue esta orde expresando o interese da Xunta en colaborar cos concellos.

Vigo dispón de 56 Areas, un tesouro da natureza de Galicia situado a tan so 10 minutos do centro da cidade. Neste ano recibimos 14 distintivos de Bandeira Azul en recoñecemento a calidade das nosas augas excelentes e os nosos servizos ao longo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 40 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos 46 km de costa viguesa cunha extensión de 11,20 km de areas, aos que temos que sumar as nove praias das Illas Cíes. Neste ano 2024 só os servizos de Socorrismo, Salvamento, Asistencia Sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida ascende a un total de 658.744,77 euros e contamos con que no ano 2025 a subida dos custes sexa significativa coa firma do novo convenio deste sector. Polo que esiximos a Consellería de Presidencia a modificación destas partidas de axudas aos concellos da nosa comunidade en concordancia os custes reais na oferta dos servizos que ofrecemos os concellos.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e en consecuencia á Xunta de Galicia o seu compromiso real cos Areas de Vigo cun aumento proporcional da subvención paupérrima a que opta a nosa cidade.
- Dotar ao parque natural das Illas Cíes dun servizo médico en condicións, dada a alta demanda turística dos últimos anos, que poida cubrir a falta de asistencia sanitaria fora do horario do servizo de salvamento que ofrece o noso Concello."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4477/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "instando á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia o seu compromiso real cos Areas de Vigo, cun aumento proporcional da subvención paupérrima a que opta a nosa cidade, e outros acordos complementarios", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(103). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICAR A ACTUAL PLANIFICACIÓN DO VERÁN, QUE CONLEVA O PECHE DE CAMAS NOS HOSPITAIS PÚBLICOS DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4478/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 41 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4475/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Cada vez é maior a preocupación pola sanidade pública en Vigo. Estamos ante unha situación deficiente que se agrava ante a chegada do período estival. O caos asistencial increméntase cada ano, como sucedeu o pasado verán. E isto sucede porque non se toman decisións organizativas nin se incrementa o persoal necesario para a demanda que necesitan aqueles vigueses e viguesas que precisan de atención sanitaria.

Seguro que coincidimos en que non hai nada máis importante que a saúde. Por esta motivo a Xunta de Galicia que ten competencias en materia sanitaria, ten unha gran responsabilidade.

E agora que a Consellería completou a súa reorganización interna con novos equipos, novas áreas e outros obxectivos sobre a mesa é hora de que asuma a maior reponsabilidade que é estar á altura das circunstancias que non se dá en Vigo desde hai moitos anos.

A cidadanía sabe que durante o ano 2023 sucedéronse episodios graves, en atención primaria, sobre todo na pediátrica pero tamén existiron problemas hospitalarios. E agora ademais coñecemos que no verán se clausurarán o 11,4% das camas dos hospitalarias de Galicia, pero que na área de Vigo, pecharanse máis camas que no pasado verán.

Queremos anticiparnos a deixar claro que o persoal asistencial ten dereito ás súas vacacións, pero tamén que a Xunta de Galicia debe organizarse para non xerar problema algún aos pacientes nin por supostos incrementar as xa avultadas listas de espera.

Porque ademais non é un tema novo, senón que vén repetíndose ano tras ano.

Por todo iso é necesario reclamar solucións inmediatas, coincidindo co que demandan as persoas profesionais da sanidade, para evitar a situación de caos que se ven producindo nos centros asistenciais de Vigo.

Por este motivo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a modificar a actual planificación do verán, que conleva o peche de camas nos hospitais públicos de Vigo, para que se conten con todas as camas hospitalarias dispoñibles operativas, e así garantir a calidade asistencial dos pacientes durante os meses de verán.*
- Instar á Xunta de Galicia a reforzar os profesionais sanitarios, para evitar as situacións de falta de atención primaria que ininterrompidamente se ven producindo nos centros de atención sanitaria de Vigo verán tras verán.”*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 42 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte (20) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4478/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*instando á Xunta de Galicia a modificar a actual planificación do verán, que conleva o peche de camas nos hospitais públicos de Vigo e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(104). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A POÑER EN MARCHA UN PLAN CON MECANISMO E INSTRUMENTOS CONCRETOS QUE LEVE A REBAIXAR O TEMPO DE ESPERA NAS CONSULTAS E NAS CIRURXÍAS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO. EXPTE. PLENO 4479/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4479/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"As listas de espera oficiais en Galicia, non reflicten a realidade do que supón unha espera para a atención dunha consulta, unha cirurxía ou unha proba médica, pero son os únicos datos dos que dispoñemos para facer unha valoración.

E recentemente coñecemos o informe correspondente ao pasado exercicio cos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias que distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E non nos referimos á calidade, nin aos profesionais sanitarios cuxo nivel é excelente, senón aos problemas que se orixinan pola ineficiencia do sistema, ao non poder responder á demanda existente, xerando atrasos e unha saturación crecente. Saturación que reverte nunhas listas moi avultadas.

E neste contexto, o máximo responsable de Sanidade en Galicia, pide dar "importancia relativa" ás listas de espera xa que na súa opinión son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 43 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pero datos como mais de 100 días de espera para una proba de Resonancia Magnética, 346,7 días para una endoscopia otorrinolaringolóxica, ou 113,3 para atención psiquiátrica, din bastante.

E non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade son importantes. Son persoas que teñen problemas de saúde, que están pendentes dunha consulta, de probas diagnósticas, dunha cirurxía, e que a súa saúde seguramente se agrava mentres están pendentes de ser atendidos. Pero tamén xera malestar, angustia e inseguridade nos seus familiares.

Cos datos diante, estamos ante unha cronificación dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora converteuse nun gran problema, xerando queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares dos vigueses e das viguesas.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por este motivo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan con mecanismos e instrumentos concretos que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas e nas cirurxías na área sanitaria de Vigo e marcándose un obxectivo medible."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

***.- Incidencia.** Auséntase da sesión o concelleiro do grupo político municipal socialista, Sr. Aneiros Pereira.

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4479/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan con mecanismo e instrumentos concretos que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas e nas cirurxías na área sanitaria de Vigo*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 44 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

11.(105). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG URXINDO MEDIDAS PARA DOTAR SUFICIENTEMENTE AO SERVIZO DE BOMBEIROS E GARANTIR A SEGURIDADE DA CIDADE. EXPTE. PLENO 4474/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de maio de 2024, número 4474/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

URXINDO MEDIDAS PARA DOTAR SUFICIENTEMENTE O SERVIZO DE BOMBEIROS E GARANTIR A SEGURIDADE DA CIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de bombeiros do Concello de Vigo ten un carácter esencial e mesmamente vital para a seguridade da cidade. No entanto, o mesmo padece desde hai máis de seis anos unha manifesta insuficiencia de medios, nomeadamente de persoal, que limita a súa capacidade operativa e provoca riscos innecesarios tanto para a cidadanía como para os profesionais do servizo.

A falla de persoal provoca que en practicamente ningunha xornada se cumpra a dotación mínima de 20 bombeiros, fixada polo propio Goberno municipal, téndose producido situacións nas que o número de efectivos operativos nunha xornada non superou a ducia. A falla de efectivos ten unha incidencia directa e grave tanto na organización dos operativos que puideren ter que desenvolverse para a atención de situacións de emerxencia. E tamén acaba por ser a causa dos recorrentes feches do parque de bombeiros de Coruxo, o que supón desprotexer a metade do termo municipal e incrementar perigosamente os tempos de resposta, sen garantir que cada unha das dúas zonas dispoña no mínimo dunha autoescada e dun vehículo nodriza operativos.

Foron tamén numerosas as situacións nas que a insuficiente dotación do servizo limitou a súa capacidade de resposta. Así quedou de manifesto na atención ao incendio producido, en setembro do pasado ano 2023, nas instalacións do Punto Limpo, no que só estaban activos 15 bombeiros, por debaixo do mínimo de 20.

En conclusión, a insuficiencia de persoal acaba por se traducir nun aumento dos riscos, na desprotección dunha parte importante da cidade e tamén en límites na capacidade operativa que no caso de se producir dúas situacións de emerxencia simultaneamente ficaría desbordada. Nestas condicións non pode garantirse debidamente tampouco a seguridade de grandes eventos, como é o caso do Marisquiño, as fogueiras de San Xoán, ou a festa da Reconquista, tal e como teñen advertido reiteradamente as organizacións sindicais.

Esta situación estrutural verase agravada durante o período estival, no que a pesar de ser o de maior risco de incendios, a falla de persoal e o desfrute dos períodos vacacionais deixará o servizo por debaixo dos mínimos necesarios para atender as necesidades dunha cidade de 110 quilómetros cadrados, con núcleos poboacionais moi dispersos e con case 300 mil habitantes.



Copia do documento - Concello de Vigo
4530-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:12 Páxina 45 de 55
CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A pesar das reclamacións reiteradas por parte do persoal do servizo de bombeiros e dos sindicatos, que mesmo provocaron a convocatoria de folga indefinida, o actual Goberno municipal teima en non atender as súas xustas reivindicacións cunha falla de actuación que ameaza con cronificar e agravar o problema.

Neste sentido, a convocatoria de 40 prazas de bombeiros, anunciada recentemente, é unha medida propagandística e radicalmente insuficiente, toda vez 23 desas prazas xa están desempeñando con interinaxes e que tendo en conta os futuros ascensos a mandos de 5 bombeiros e as 17 xubilacións que se van producir a final de ano, o saldo neto será que o servizo disporá de 5 efectivos menos. Non só non hai reforzo efectivo, senón que a situación empeorará.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Urxir o Goberno municipal a adoptar coa maior celeridade, co acordo da representación sindical, as medidas que foren precisas para dotar co persoal necesario o servizo de bombeiros da cidade, mellorar o seu funcionamento organizativo, garantir que en todas as xornadas se cumpra o mínimo de efectivos en activo e o normal funcionamento dos dous parques, así como o respecto estrito aos dereitos laborais do persoal do servizo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** Incorpórase á sesión o concelleiro do grupo político municipal socialista, Sr. Aneiros Pereira.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e dezasete (17) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.06.24 (Rex. Nº 4474/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, “urxindo medidas para dotar suficientemente ao Servizo de Bombeiros e garantir a Seguridade da cidade”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(106). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA QUE TÓDOLOS DÍAS SE CUMPRA CO NÚMERO DE 20 EFECTIVOS RECOÑECIDO NOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 46 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZOS MÍNIMOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4480/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xuño de 2024, número 4480/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN

“O corpo de bombeiros de Vigo conta cun cadro de persoal recoñecido de 153 efectivos. Unha cifra moi baixa se atendemos ás recomendacións fixadas pola Unión Europea que fala dun bombeiro por cada 1.000 habitantes. O que faría un total de 300 efectivos necesarios.

Porén, a día de hoxe soamente están cubertas 126 prazas pero é que a finais de mes xubiláranse outros dous membros máis, co que o número total dispoñible nuns días será de apenas 122, o que significa que haberá 31 vacantes sen cubrir da actual relación de postos de traballo (RPT) recoñecida. Unha carencia de persoal que está a provocar tamén que bombeiros estean a realizar funcións e asumir responsabilidades para as que non están habilitados.

Unha situación insostible que se está a traducir en constantes peches do parque de bombeiros de Coruxo ao non haber o persoal mínimo suficiente para poder cubrir os servizos mínimos. Chegando ao punto de estar pechado durante toda a fin de semana do 8 ao 10 de xuño.

Circunstancia que nin moito menos é nova, senón que se ven repetindo con moita frecuencia, o que pon en risco a seguridade de todos os vigueses. De feito compre recordar que no pasado ano 2023 só un día se cumpriron cos servizos mínimos por quenda, fixado en 20 efectivos por este goberno de Abel Caballero. De feito son moitas as queixas e denuncias presentadas durante os últimos meses polos bombeiros sobre a falla de persoal, que este goberno local se nega a facilitar ao grupo municipal do Partido Popular, conculcando o nosos dereitos.

Ás portas do verán os sindicatos veñen de reiterar, unha vez máis, a falta de persoal de persoal acorde coas necesidades da nosa cidade nunha carta aberta á cidadanía, sen que o executivo local propuxese solución algunha para garantir que o servizo se preste con total garantías.

O plan do executivo municipal de aumentar ata 40 as prazas contempladas nas catro ofertas públicas de emprego (OPE) pendentes -2020, 2021, 2022 y 2023- tampouco son suficientes para resolver o problema. Primeiro de todo porque estas OPE non se van resolver ata pasados uns anos e segundo porque a maior parte das postos ofertados son consolidación de prazas cubertas a día de hoxe por interinos. Así, para cando se resolvan e se cubran esas prazas, as necesidades do cadro de persoal xa terá incrementado debido ás xubilacións previstas nos anos vindeiros.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

1.- Instar ao goberno local a adoptar as medidas necesarias para que todos os días se cumpra co numero de 20 efectivos recoñecido nos servizos mínimos,



Copia do documento - Concello de Vigo
4530-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:12 | Páxina 47 de 55
CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

evitando así novos peches do parque de Coruxo e garantindo o servizo en condicións durante os próximos meses de verán.

2.- Instar ao goberno local a cubrir todos os postos provistos na RPT actual e ampliar a mesma tan pronto como sexa posible cando menos ata os 190 efectivos demandados polos traballadores.

3. Crear de forma inmediata unha comisión de traballo cos funcionarios do servizo, para abordar temas organizativos e de condicións laborais que están pendentes dende hai anos, como o deseño e a elaboración de protocolos de traballo.

4. Dignificar as condicións de traballo dos funcionarios do servizo, comezando por modificar os postos de bombeiro/a para pasalos do subgrupo C2 ao C1.

5. Reprobar a Patricia Rodríguez Calviño, concelleira de Seguridade, pola súa falta de transparencia denegando a este grupo municipal o acceso ás queixas e denuncias presentadas durante os últimos meses polos bombeiros sobre a falla de persoal, pese as reiteradas resolucións e requirimentos ao respecto da Comisión de Transparencia de Galicia e da Valedora do Pobo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.06.2024 (Rex. Nº 4480/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “*instando ao goberno local a adoptar as medidas necesarias para que tódolos días se cumpre co número de 20 efectivos recoñecido nos servizos mínimos e outros acordos complementarios*”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

13.(107). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 24.05.24, DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE D^a ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ Á DEDICACIÓN PARCIAL DE 26 HORAS, PASANDO A PERCIBIR INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN E DO ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. PLENO 4444/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 24.05.24, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 48 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“O artigo 75.5. da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os concelleiros/as que realizarán as súas funcións en dedicación exclusiva ou parcial.

Con data 7 de xullo de 2023, a Alcaldía dictou Resolución de nomeamento dos membros da Corporación que exercerían as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, entre os que se atopa a concelleira Sra. Iglesias González, cunha dedicación parcial de 26 horas.

O 24 de maio de 2024, a concelleira Sra. Iglesias González presenta no Rexistro electrónico do Pleno, cod. Solicitud W1109708-9108, Expte. 4444/1101, escrito de renuncia ao exercicio das súas funcións en réxime de dedicación parcial, con efectos do 1 de xuño de 2024.

De conformidade co exposto, esta Alcaldía conforme o acordo plenario de fecha 3 de xullo do 2023, en relación co artigo 75.2 de la Ley 7/85, do 2 de abril, RESOLVE,

Pimeiro.- Aceptar a renuncia de D^a Ana Laura Iglesias González á dedicación parcial de 26 horas que viña exercendo dende o 6.07. 2023, con efectos dende o 1 de xuño de 2024, pasando a percibir indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á concelleira D^a D^a Ana Laura Iglesias González.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Carto.- Dar conta individualizada o Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía e aceptación da renuncia de D^a Ana Laura Iglesias González. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

14.(108). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 25.05.24, NA QUE SE DECLARA LOITO OFICIAL DE DOUS DÍAS POLO FALECIMENTO DUN EMPREGADO MUNICIPAL EN ACTO DE SERVICIO. EXPTE. 1309/1102 (EXPTE. PLENO 4486/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 25.05.24, que di o que segue,

“RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN LOITO OFICIAL

Como testemuño de dor deste Concello ante o falecemento esta mañá dun bombeiro do Concello de Vigo nun accidente laboral por derrubamento no edificio no que se atopaba prestando servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 49 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Este Concello, súmase á dor da familia, amigos, compañeiros do empregado municipal falecido mostrando todo o seu apoio e solidariedade.

En virtude das competencias atribuídas polo artigo 124.ñ da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Declarar DOUS DIAS DE LOITO OFICIAL no termo municipal de Vigo. Durante este tempo as bandeiras de todos os edificios municipais ondearán a media ata en sinal de dor polo pasamento deste empregado municipal en acto de servizo.

SEGUNDO.- O Concello amosa o seu recoñecemento a todo o corpo de bombeiros de Vigo polo traballo que desenvolve cada día.

TERCEIRO.- Trasladar as condolencias e o pésame da cidade de Vigo aos familiares e amigos do empregado municipal e a todos os compañeiros do corpo de bombeiros.

CUARTO. Publicar a resolución nos taboleiros de edictos e na páxina web municipal para coñecemento da veciñanza dándose conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre."

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre os dous días de loito oficial polo pasamento dun empregado municipal. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

15.(109). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 21/05/24 E O 16/06/ 24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1698/1102 (EXPTE. PLENO 4481/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/24, incluídas no expediente 1698/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16.(110). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 21/05/24 E O 16/06/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1699/1102 (EXPTE. PLENO 4482/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/24, incluídas no expediente 1699/1102.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 50 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

17. FORMULACIÓN DE ROGOS.

17.1.(111). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que o Goberno local lle esixa á concesionaria VITRASA que aumente as expedicións da nova liña nocturna N4, xa que esta vai ter unha frecuencia menor aumentando os tempos de espera case nun 50% que a desaparecida liña N2.

17.2.(112). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Rogamos que o concello incorpore mochilas vibratorias e un interprete de lingua de signos nos concertos de Castrelos coa fin de seguir avanzando na inclusión e plena integración neste caso das persoas sordas ou con graves problemas de audición.

18. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18.1.(113). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. ¿Por qué razón o alcalde, Abel Caballero, a concelleira delegada, Patricia Rodríguez, e o concelleiro delegado, Pablo Estévez, néganse a comparecer como solicitou formalmente o Grupo Municipal do BNG ao abeiro do artigo 33 do Regulamento Orgánico do Pleno, para dar explicacións sobre a xestión do frustrado patrocinio publicitario do concerto de Guns N' Roses, celebrado o pasado ano, despois de transcender publicamente informacións que apuntan a un claro amaño, á marxe das normas de contratación, para destinar case 2 millóns de euros en favor da promotora do evento?

18.2.(114). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. ¿En base a que autorizou este goberno local a celebración do Festival Terraceo durante as catro primeiras edicións tendo en conta que os organizadores do evento non contaban coa obrigada e perceptiva licenza municipal ao non seren concesionarios da terraza do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario xuño 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 24 de Junio de 2024 09:05:57
Fecha Fin : Lunes, 24 de Junio de 2024 12:24:47
Duración : 03:18:50

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3455

- Media (MASTER)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 51 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.6 GiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/pAgV5QPgsrn24kxri9KTdFiygICBILP71ZR9DNFzMsIKYwd.wmv>
 SHA512 - 26338de1cd4be68a9ca7e1e8f59e555ade7d19c9b57218a0a47cbd681c64c8980be54117ae2ac69e41300f756364bb573d28dd3bc1a42d3c259885fb2733535d

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/lAM388rq6dJQrm8e3GzVf16XTjZYGBDCCpUZrVmopwNnrVwH.mp4>
 SHA512 - 7e2f93133d55799e5c85fc33bbb277b375d162cad8c20af592c71a4199e544ec56fa90731696f1d2d262e9e557346691ad2c2a35fa4182daad3ca560a83941a8

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.; Remoto; Fernández Pérez, Jose Mamuel.

00:00:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:00:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:00:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:01:36 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27 de maio de 2024.

00:01:52 : 2. Declaración Institucional sobre a proposta de Lei ELA. Expte. Pleno 4483/1101.
 00:02:13 - Aguiar Castro, Yolanda
 00:12:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:12:17 : 3. Dar conta do Plan anual de control financeiro do concello de Vigo correspondente ao exercicio 2024. Expte. 102992/140 (Expte. Pleno 4434/1101).
 00:12:33 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:16:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:16:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:20:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:20:26 - García González, Patricia
 00:25:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:25:10 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:28:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:28:40 : 4. Cambio de uso da parcela destinada a equipamento público sita na Praza do Berbés (Ribeira do Berbés, 35). Expte. 20285/411 (Expte. Pleno 4484/1101).
 00:28:59 - Caride Estévez, María José
 00:33:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:33:15 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:37:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:37:13 - Sanchez Mendez, Luisa María



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 52 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:38:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:38:18 - Caride Estévez, María José
- 00:41:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:41:30 - Votación [9:47:27]

- 00:41:49 : 5. Aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior do SU UA3 Montana, Alcabre. Expte. 15903/411 (Expte. Pleno 4485/1101).
- 00:42:03 - Caride Estévez, María José
- 00:46:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:46:25 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:51:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:51:26 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:52:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:52:38 - Caride Estévez, María José
- 00:55:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:56:02 - Votación [10:01:59]
- 00:56:32 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-

- 00:57:49 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos sobre dispoñibilidade de vivenda pública protexida en Vigo e a súa área de influencia e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4475/1101.
- 00:58:10 - Aguiar Castro, Yolanda
- 01:03:18 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:03:28 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:07:22 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:07:32 - García González, Patricia
- 01:13:02 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:13:15 - Aguiar Castro, Yolanda
- 01:16:10 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:16:34 - Votación [10:22:31]

- 01:16:59 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando ao conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4476/1101.
- 01:17:18 - López Font, Carlos
- 01:22:23 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:22:32 - Martínez Piñeiro, Ana
- 01:27:13 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:27:21 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 01:31:59 - López Font, Carlos
- 01:34:32 - Espinosa Mangana, Elena
- 01:35:01 - Votación [10:40:57]

- 01:35:28 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia o seu compromiso real coas Areas de Vigo cun aumento proporcional da subvención paupérrima a que opta a nosa cidade, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4477/1101.
- 01:35:55 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
- 01:40:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:40:57 - Abalde Comesaña, Filipe
- 01:45:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:46:03 - Benavides Alonso, Daniel
- 01:51:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:51:16 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
- 01:54:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:54:33 - Votación [11:00:30]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 53 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:55:15 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a modificar a actual planificación do verán, que conleva o peche de camas nos hospitais públicos de Vigo e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4478/1101.
- 01:55:36 - Espinosa Mangana, Elena
 02:00:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:00:58 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:06:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:06:08 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:09:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:09:53 - Espinosa Mangana, Elena
 02:12:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:13:07 - Votación [11:19:04]
- 02:13:24 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan con mecanismo e instrumentos concretos que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas e nas cirurxías na área sanitaria de Vigo. Expte. Pleno 4479/1101.
- 02:14:10 - Espinosa Mangana, Elena
 02:19:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:19:20 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:24:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:24:15 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:28:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:29:00 - Espinosa Mangana, Elena
 02:31:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:01 - Espinosa Mangana, Elena
 02:32:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:19 - Votación [11:38:16]
- 02:32:43 : 11. Moción do grupo municipal do BNG urxindo medidas para dotar suficientemente ao Servizo de Bombeiros e garantir a Seguridade da cidade. Expte. Pleno 4474/1101.
- 02:33:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:38:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:38:17 - Martín Peña, José Miguel
 02:43:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:43:21 - Rodríguez Calviño, Patricia
 02:48:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:48:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:51:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:52:02 - Votación [11:57:59]
- 02:52:38 : 12. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a adoptar as medidas necesarias para que tódolos días se cumpra co número de 20 efectivos recoñecido nos servizos mínimos e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4480/1101.
- 02:52:59 - Martín Peña, José Miguel
 02:58:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:58:17 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:02:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:02:45 - López Font, Carlos
 03:07:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:03 - Martín Peña, José Miguel
 03:11:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:11:48 - Votación [12:17:45]
- 03:12:13 : 13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 24.05.24, de aceptación da renuncia de D^a Ana Laura Iglesias González á dedicación parcial de 26 horas, pasando a percibir indemnización por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación e do Organismo Autónomo Xerencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 54 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Municipal de Urbanismo. Expte. Pleno 4444/1101.

- 03:12:41 : 14. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 25.05.24, na que se declara loito oficial de dous días polo falecemento dun empregado municipal en acto de servizo. Expte. 1309/1102 (Expte. Pleno 4486/1101).
- 03:13:30 - Martín Peña, José Miguel
- 03:13:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:15:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:15:33 : 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/ 24, incluídas no expediente 1698/1102 (Expte. Pleno 4481/1101)
- 03:16:00 : 16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/05/24 e o 16/06/24, incluídas no expediente 1699/1102 (Expte. Pleno 4482/1101).
- 03:16:11 : 17. Formulación de rogos.
- 03:16:21 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:16:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:16:56 - Martín Peña, José Miguel
- 03:17:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:17:14 : 18. Formulación de preguntas.
- 03:17:19 - Martínez Piñeiro, Ana
- 03:17:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:17:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:18:05 - Martín Peña, José Miguel
- 03:18:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e vinte e cinco minutos (12:25) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 11/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.

am.

A PRESIDENCIA
Elena Espinosa Mangana
Javier Pardo Espiñeiro

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:12	Páxina 55 de 55
4530-1101	CSV: A4A154-24DHB8-2FC12B-S732YK-5QWJ3U-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		